

XEOGRAFÍA • 9

Patiño Romarís, Carlos Alberto

Departamento de Xeografía.
Universidade de Santiago de Compostela.
Rúa Vicente Risco nº 3-7º B
C.P.: 36600 Vilagarcía de Arousa
Tfno.: 986 50 59 69; Fax: 986 50 59 69

**A PRODUCCIÓN DE ESPACIO TURÍSTICO E DE OCIO
NA MARXE NORTE DA RÍA DE PONTEVEDRA.**

CONSELLO EDITOR:

Xoaquín Álvarez Corbacho,
Economía Aplicada. UC;
Manuel Antelo Suárez,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Juan J. Ares Fernández,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Xesús Leopoldo Balboa López,
Historia Contemporánea. USC;
José Manuel Beiras Torrado,
Economía Aplicada. USC;
Joam Carmona Badía,
Historia e Institucións Económicas. USC;
Luis Castañón Llamas
Economía Aplicada. USC;
Xoaquín Fernández Leiceaga,
Economía Aplicada. USC;
Lourenzo Fernández Prieto,
Historia Contemporánea. USC;
Ignacio García Jurado,
Estatística e Investigación Operativa. USC;
Mª do Carmo García Negro,
Economía Aplicada. USC;
Xesús Giraldez Rivero,
Historia e Institucións Económicas. USC.
Wenceslao González Manteiga,
Estatística e Investigación Operativa. USC;
Manuel Jordán Rodríguez,
Economía Aplicada. USC;
Rubén C. Lois González,
Xeografía. USC;
Edelmiro López Iglesias,
Economía Aplicada. USC;
José A. López Taboada,
Historia e Institucións Económicas. USC.
Alberto Meixide Vecino,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Emilio Pérez Touriño,
Economía Aplicada. USC;
Miguel Pousa Hernández
Economía Aplicada. USC;
Albino Prada Blanco,
Economía Aplicada. UV;

Carlos Ricoy Riego,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
José Mª da Rocha Alvarez,
Fundamentos da Análise Económica. UV;
Xavier Rojo Sánchez,
Economía Aplicada. USC;
José Santos Solla,
Xeografía. USC;
Juan Surís Regueiro,
Economía Aplicada. UV;
Manuel Varela Lafuente,
Economía Aplicada. UV;

COORDENADORES DA EDICIÓN:

- **Área de Análise Económica**
Juan J. Ares Fernández

- **Área de Economía Aplicada**
Manuel Jordán Rodríguez

- **Área de Historia**
Lourenzo Fernández Prieto

- **Área de Xeografía**
Rubén C. Lois González,

ENTIDADES COLABORADORES

Fundación Caixa Galicia
Consello Económico e Social de Galicia
Fundación Feiraco
Instituto de Estudos Económicos de
Galicia Pedro Barrié de la Maza

Edita: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela
ISSN: 1138 - 2708
D.L.G.: C-1687-97

**A PRODUCCIÓN DE ESPACIO TURÍSTICO E DE OCIO
NA MARXE NORTE DA RÍA DE PONTEVEDRA.**

ÍNDICE

- 1.-RESUME.
- 2.- INTRODUCCIÓN.
- 3.-ANÁLISE DOS USOS DO SOLO. COMPETENCIA ENTRE AGRICULTURA E TURISMO.
 - 3.1. A EVOLUCIÓN DOS USOS DO SOLO.
 - 3.2. A ESTRUCTURA AGRARIA E A SÚA REPERCUSIÓN SOBRE A ACTIVIDADE TURÍSTICA.
 - 3.2.1. A estrutura das explotacións agrarias.
 - 3.2.2. Características sociodemográficas dos propietarios das explotacións.
 - 3.2.3. Características socioproductivas da explotación familiar: A A.T.P.
- 4.-TURISMO E HÁBITAT: ALTERACIÓNS NA MORFOESTRUCTURA DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.
- 5.-ANÁLISE DA OFERTA: EQUIPAMENTO TURÍSTICO.
 - 4.1. ALOXAMENTO HOTELEIRO E EXTRAHOTELEIRO: APARTAMENTOS E CAMPINGS.
 - 4.2. AS RESIDENCIAS SECUNDARIAS.
- 6.-ANÁLISE DA DEMANDA TURÍSTICA: PROCEDENCIA E ESTACIONALIDADE.
- 7.-CONCLUSIÓNS XERAIS.
- 8.-BIBLIOGRAFÍA.

I.-RESUME.

As prácticas do turismo litoral coa súa diversidade de modelos de implantación e extraordinaria capacidade de transformación territorial, social e económica, fan do mesmo unha actividade que require unha especial atención polas políticas de ordenación das administracións competentes. Neste traballo de investigación analizamos o proceso de produción dun espazo turístico litoral en Galicia, tomando como modelo o caso da marxe norte da Ría de Pontevedra. Para, posteriormente, establecer un modelo de análise territorial de carácter turístico extrapolable a outras áreas litorais do territorio galego no que as súas liñas estruturais se refire. Ánalise que poña as bases dun planeamento espacial que faga posible un “desenvolvemento sostible”, onde as actividades turísticas ó mesmo tempo de desenvolverse e de crear recursos económicos deben respectar e contribuír ó mantemento dos recursos naturais existentes. É dicir, conseguir unha planificación cun verdadeiro carácter integral, pluridisciplinar e sistemático, e que busca a cooperación dos axentes e institucións tanto públicas como privadas vinculadas ó sector.

Palabras chave: turismo litoral, produción de espazo turístico, desenvolvemento sostible, turismo residencial, asentamentos neoxénicos de residencias secundarias, neoterciarización, planificación turística.

ABSTRACT

The seacoast tourism practices with its diversity of implantation and great capacity of territorial, social and economic transformation, make this tourism an activity which requires a particular attention because of planning politics from the competent administration. Through this investigation we analyze the production process of a Galician seacoast touristic area, taking the “Ría de Pontevedra” northern situation as a base. And all this in order to, later on, establish a pattern wich helps us to analyze the seacoast territory from a touristic pontof view. If we into account its structure, this pattern could be applied to any seacoast territory in Galicia. This analysis should establish the basis for a land planning and create the possibility of a “supported development”, where touristic activities would both originate economic resources. That is, it should aim at an integral, pluridisciplinary and systematic planning which seeks the cooperation from agents and related institutions both public and private.

Keys words: seacoast tourism, production process of touristic area, supported development, residential tourism, neogenic placements of secondary residence, neotertiarization, tourism planning.

2.- INTRODUCCIÓN.

O turismo como sector económico en pleno auge preséntase como unha importante vía estratéxica para o desenvolvemento e transformación/ordenación no ámbito territorial galego. Feito que o converte nun dos fenómenos máis interesantes para o seu estudo polas súas importantes repercusións sociais, económicas, espaciais e políticas, ... Xerando múltiples traballos de investigación con análises dende diferentes perspectivas pero que sempre inciden na transcendencia do fenómeno turístico. Neste contexto enmárcase este traballo de investigación no que pretendo establecer un modelo de análise integral previo a establecer planeamentos territoriais de carácter turístico en áreas litorais.

O turismo pola súa importancia incide na organización do espacio: configurando redes de transporte, articulando o territorio, xerando determinadas políticas urbanísticas, influíndo na distribución tanto da poboación como do emprego, etc. A actividade turística enfréntase actualmente a novos retos de competitividade, como a definición de modelos adecuados de implantación, xestión racional do territorio e dos recursos e, en definitiva, a sostenibilidade como referencia dos procesos de desenvolvemento turístico.

O espacio como produto social, presenta unha organización que reflicte a sociedade que actúa sobre él. A este respecto, o turismo propicia unha apropiación diferencial do espacio, como efecto do distinto poder de cada clase social. Neste proceso de consumo de espacio teñen lugar conflitos territoriais como consecuencia da competitividade que se establece entre os grupos sociais con intereses diverxentes á hora de conferir ó solo un determinado uso. Neste sentido, interesáanos analiza-los procesos mediante os cales se transformou o territorio coa finalidade fundamental de producir e vender servicios e bens ós visitantes, xa sexan turistas, excursionistas ou residentes temporais. Topándonos, como resultado, manifestacións espaciais de diversa índole: competencia agricultura-turismo, modificacións na trama tradicional de asentamentos,

cambios na estrutura e distribución espacial da poboación, ocupación do solo, ... Polo tanto, as prácticas do turismo litoral coa súa diversidade de modelos de implantación e extraordinaria capacidade de transformación territorial, social e económica, fan do mesmo unha actividade que require unha especial atención polas políticas de ordenación das administracións competentes.

O concepto de produción de espazo turístico é moi amplo, non só se refire ó espazo construído, senón tamén á maior parte dos espazos naturais, que hoxe en día pasaron a converterse en produto. En consecuencia, a produción de espazo turístico non é máis que a creación dun produto. O espazo turístico é un produto, poderíamos dicir un paquete turístico, integrado non só pola oferta hoteleira e extrahoteleira como complementaria, senón que inclúe tamén todo o demais que rodea estas infraestruturas: praias, paisaxes naturais, monumentos artísticos, folklore, ... É dicir, a suma de recursos, infraestruturas xerais e servizos compoñen o produto turístico.

A produción de espazo turístico, como produto social, conleva implicacións de marcado carácter político, pois é o resultado das prácticas e estratexias duns axentes sociais determinados, que actúan dentro do marco do sistema utilizando os mecanismos legais a súa disposición ou realizando a súa actuación á marxe destes mecanismos. Actuacións que xeran en determinados casos un modelo de desenvolvemento turístico espontáneo e incontrolado guiado polos dictames da demanda ó marxe de todo tipo de planificación. Presións urbanísticas e de todo tipo que conlevan un deterioro medioambiental e non esquezamos que manter uns niveis adecuados de calidade medioambiental, son indispensables para posuír unha boa imaxe turística cara á demanda dentro dun mercado moi competitivo. O desenvolvemento das actividades turísticas debe conquero-lo difícil equilibrio entre o acondicionamento da área e o mantemento do seu carácter actual e a conservación do medioambiente. De aí a necesidade de xestionar e planificalo espazo con garantías de sostenibilidade e con deseños adaptables ós cambios da conxuntura turística, que non impliquen hipotecar a súa calidade paisaxística, territorial e ambiental.

Analiza-lo proceso de produción dun espazo turístico litoral en Galicia, fíxonos tomar como modelo exemplo o caso das Rías Baixas Galegas. A elección veu determinada non só polo volume da súa oferta turística senón tamén pola complexidade e variedade do seu ámbito territorial, dende o punto de vista físico, dende a ordenación turística reflectida no seu planeamento urbanístico e atendendo tanto á natureza xurídica dos diversos documentos municipais como ó modo en que estes foron desenvolvidos polos axentes locais, públicos e privados. Agora ben, por motivos de viabilidade para a realización deste traballo de investigación e polo seu claro valor exemplificador centrámonos na análise da marxe norte da Ría de Pontevedra (Figuras nº1 e 2), área turística de primeira orde no ámbito territorial galego, caracterizada polo gran desenvolvemento da súa oferta turística residencial. A variada causística observada no desenvolvemento do espazo turístico permítenos establecer correlacións e obter conclusións xeralizables a outros ámbitos co obxecto de lograr un modelo de desenvolvemento turístico de carácter sostible e competitivo adecuado as peculiaridades xeográficas de Galicia.

O turismo funciona como un sistema, onde as diferentes engranaxes, compoñentes e partes actúan funcionalmente para satisfacer a demanda, obter vantaxes competitivas dinámicas e melloras constantes na rendibilidade social, ambiental e económica dos destinos turísticos. O estudo do turismo no espazo, polo tanto, implica examinar e reflexionar dende unha perspectiva metodolóxica sobre estas cuestións.

Este traballo de investigación pretende analizar a morfoloxía territorial e os impactos que se produciron no espazo, na paisaxe e na sociedade da marxe norte da Ría de Pontevedra pola implantación e mobilidade turísticas. Resaltar como os axentes sociais e económicos transformaron mediante un proceso “productivo” complexo certas áreas do ámbito xeográfico estudado en espazos turísticos. Proceso de produción no que son frecuentes as actuacións urbanísticas contra toda lóxica, á marxe do ordenamento de solo vixente e en moitas ocasións contando coa persimividade das autoridades municipais.




Figura nº1.- Situación da marxe norte da Ría de Pontevedra no contexto da rexión galega.




Figura nº2.- Límites das parroquias da marxe norte da Ría de Pontevedra.
O Grove: S. Martiño (2) e S. Vicente (1). **Poio:** Combarro (3), San Salvador (5), San Xoán (4), Raxó (1) e Samieira (2). **Pontevedra:** Alba (2), Verducido (4), Bora (10), Campañó (1), Canicouva (15), Cerponzóns (3), Lérez (7), Lourizán (11), Marcón (14), Mourente (9), Pontesampaio (16), Pontevedra (8), Salcedo (12), Tomeza (13), S. Andrés (5) e Sta María de Xeve (6). **Sanxenxo:** Adina (5), Arra (4), Bordóns (8), Dorrón (9), Gondar (3), Nantes (6), Noalla (1), Padriñán (7) e Vilalonga (2).

O meu obxectivo consiste en lograr unha maior calidade da experiencia turística e por conseguinte mellora-la satisfacción e asiduidade da demanda. Establecer un modelo de análise territorial de carácter turístico que sexa extrapolable a outras áreas litorais do territorio galego no que as súas liñas estruturais se refire. Análise que poña as bases dun planeamento espacial que faga posible un “desenvolvemento sostible”, onde as actividades turísticas ó mesmo tempo de desenvolverse e de crear recursos económicos deben respectar e contribuír ó mantemento dos recursos naturais existentes. É dicir, conseguir unha planificación cun verdadeiro carácter integral, pluridisciplinar e sistemático, e que busca a cooperación dos axentes e institucións tanto públicas como privadas vinculadas ó sector.

2.-ANÁLISE DOS USOS DO SOLO.

COMPETENCIA ENTRE AGRICULTURA E TURISMO.

A cuestión que consideramos é se os cambios rexistrados no sector agrario nos últimos trinta anos obedecen a unha evolución lóxica e consecuente dunha agricultura de carácter familiar con graves problemas estruturais traducidos nunha baixa rendibilidade e produtividade, ou se ben foron alentados e potenciados polo desenvolvemento turístico. Na miña opinión coexisten os dous fenómenos, competencia e complementariedade, como se se trataren das dúas caras dunha mesma moeda, o cal non é óbice para admitir que as actividades primarias tradicionais están en recesión, e aínda que non se pode establecer unha relación sinxela causa-efecto entre este feito e o auxe turístico, os dous acontecementos están estreitamente entrelazados.

O turismo supón a aparición de novos usos sobre o espacio xeográfico, non esquezamos que o desenvolvemento turístico ten como manifestación máis evidente unha continuada ocupación e produción de solo destinado á prestación de servizos de ocio e a usos residenciais. É o chamado turismo residencial (*Ortega, J., 1975*), o que con maior forza repercutiu no mundo rural mediante o retroceso da superficie agraria, en favor da proliferación de residencias secundarias, de funcionalidade non agraria e cun carácter temporal na súa ocupación, producíndose a chamada “urbanización do campo” (*Ortega, J 1975*), reflectida no xurdimento de novas formas de poboamento que actúan como “unha prolongación da cidade no tempo e no espacio” (*Miranda, M^a. J., 1985*).

Á parte das competencias que se establecen entre a agricultura e o turismo polo uso do solo, existen outros ámbitos de conflito que teñen tamén proxección espacial explícita

ou implícita. Referímonos á competencia por determinados recursos, fundamentalmente: recursos financeiros, humanos e a auga.

A orixe das competencias espaciais é antiga, non só se establece entre a agricultura e o turismo, presentándose toda unha serie de usos contradictorios (industrial, comercial, ...). Estamos diante do principio de polifuncionalidade potencial do espacio fronte ó principio de especialización nun uso concreto nun momento dado (*Sánchez, J. E., 1985*). Enfrontamento do que xeralmente saen perdendo os usos máis arcaicos como son os espazos naturais ou os espazos agrarios (*Gaviria, M., 1978*).

A función residencial do turismo actúa en detrimento da actividade agrícola, non só através do consumo que supón de espacio agrario senón tamén pola revalorización dos prezos do solo que ocasiona a inversión no sector. Xorde así un proceso de especulación do solo que está na base da competencia espacial entre agricultura e turismo, e que se converteu na maior forza destructora da actividade agrícola. Situación que se reflicte na proliferación, nos municipios estudados, de parcelas abandonadas a “monte”, onde progresan xeralmente formacións arbustivas de escaso valor material, fenómeno que dentro da xeografía recibe o nome de “barbeito social”.

A existencia da competencia entre agricultura e turismo por certos recursos, non debe facerme omitir outras facetas da relación entre estas dúas actividades que dan ou poden dar lugar a unha compatibilidade ou complementariedade (pluriactividade, turismo rural, produción-consumo, ...).

En función do anteriormente apuntado, fórmase a necesidade de adoptar medidas protectoras que podan paliar os aspectos máis negativos da penetración turística no ámbito rural, unha adecuada planificación. Para lograr esta planificación é interesante realizar un estudo previo, que nos ofrezca un diagnóstico da situación actual, co fin de detecta-los problemas e ofrecer propostas de solución ós mesmos (competencia usos de solo, competencia por recursos financeiros, competencia por recursos humanos, ...), que fagan posible unha maior compatibilidade entre a agricultura e o turismo, e permitan rendabilizar ó máximo os beneficios da complementariedade.

2.1.- EVOLUCIÓN DOS USO DO SOLO.

A evolución entre 1972 e 1989 da distribución da superficie agraria censada, das terras labradas e non labradas, prestando especial atención á incidencia que tivo a actividade turística. Neste senso destácanse os seguintes feitos:

- A superficie agraria censada sofre unha ostensible redución: O Grove (-1,65%), Poio (-26,27%), Pontevedra (-41,56) y Sanxenxo (-38,45%) (Figura nº3).
- A superficie da terra labrada rexistra unha importante e crecente regresión nos municipios de Poio (-51,38%), Pontevedra (-33,12%) e Sanxenxo (-45,45%) (Figura nº4).
- A superficie “non labrada” sofre un retroceso entre 1972-1989, decrecemento que se centra esencialmente no período 1972-1982: O Grove (-20,59%), Poio (-22,51%), Pontevedra (-43,92%) e Sanxenxo (-15,37%), mentres no intervalo censal seguinte apréciase un crecemento leve nos casos de Poio (2,67%) e Pontevedra (3,25%), e destacado en O Grove (19,58%). A interpretación destes feitos temos que realizala en función da gran competencia establecida polo uso do solo no espacio analizado. Proba evidente témola no municipio de O Grove onde as urbanizacións de carácter secundario aprobadas na década dos setenta foron desenvolvidas esencialmente sobre solos con aproveitamento forestal, en calquera caso sobre terras “non labradas”. A explicación ó crecemento da superficie “non labrada” en O Grove, Poio e Pontevedra entre 1982-1989, é o resultado da conxunción do éxodo rural e do barbeito social que conleva o abandono da actividade agrícola.




Figura nº3.- Evolución da superficie agraria censada 1972-1989 nos municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra.
Fonte: Censos Agrarios 1972-1989.




Figura nº4.- Evolución da superficie de terras labradas 1972-1989 nos municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra.
Fonte: Censos Agrarios 1972-1989.

O fenómeno da competencia agricultura-turismo polo uso do solo, non acada a mesma intensidade en tódolos sectores da marxe norte da Ría de Pontevedra. O turismo

tende a ocupa-los espacios agrícolas cun carácter selectivo, podendo diferenciarse áreas de verdadeiro conflito (sector costeiro) daquelas nas que este é practicamente inexistente (sector interior) pasando por outras que poderíamos denominar de transición, agroturísticas con interesantes enfrontamentos polo uso do solo.

O traballo de campo e a aplicación da Taxa de Función Residencial para 1991 (número de vivendas secundarias por cada cen principais), permitennos establece-las seguintes consideracións sobre a competencia agricultura-turismo polo uso do solo. Topámonos, na actualidade, coas parroquias de Gondar (T.F.R.=46,20) e Vilalonga (T.F.R.=30,72) en Sanxenxo e San Martiño (T.F.R.=67,21) en O Grove, onde alternan as residencias secundarias e os cultivos baixo plástico dando lugar a un ámbito paisaxístico amorfo. Outras parroquias quedaron practicamente á marxe do turismo residencial, en función da súa posición máis atrasada respecto á liña de costa ou deprimida con respecto ó contorno xeográfico próximo: Nantes (T.F.R.=25,30) en Sanxenxo, Alba (T.F.R.=13,90), Campañó (T.F.R.=22,27), Canicouva (T.F.R.=58,97), Cerponzóns (T.F.R.=25,73), Verducido (T.F.R.=6,51), Bora (T.F.R.=56,85), Lérez (T.F.R.=23,64), Lourizán (T.F.R.=29,28), Marcón (T.F.R.=29,33), Mourente (T.F.R.=33,33), Pontesampaio (T.F.R.=44,81), Salcedo (T.F.R.=24,49), Tomeza (T.F.R.=24,25), San Andrés de Xeve (T.F.R.=33,89) e Santa María de Xeve (T.F.R.=17,70) no municipio de Pontevedra, e San Xoán de Poio (T.F.R.=33,30). Pola contra son as parroquias costeiras, nas proximidades de praias ou con alto valor paisaxístico, onde se concentran as maiores densidades de vivendas secundarias: San Vicente (T.F.R.=278,45) en O Grove, Combarro (T.F.R.=75,13), Samieira (T.F.R.=107,60) e Raxó (T.F.R.=152,11) en Poio, e Adina (T.F.R.=272,46), Arra (T.F.R.=81,82), Bordóns (T.F.R.=111,97), Dorrón (T.F.R.=74,92) e Padriñán (T.F.R.=397,36) en Sanxenxo; ás que cabería unir San Salvador de Poio (T.F.R.=47,48) e Pontevedra (cidade) (T.F.R.=36,10) pese ós seus menores valores de T.F.R., motivados pola importancia do fenómeno urbano. Claros expoñentes son as urbanizacións de carácter secundario en San Vicente de O Grove, o sector comprendido entre as praias de Canelas e Montalvo, etc. onde a actividade agraria tópase nunha situación marxinal e en clara inferioridade con respecto á ocupación turística ó considera-los usos do solo. De feito, estas residencias secundarias xeraron un dobre efecto sobre a actividade agrícola, por unha parte sustraeron terras directamente e, por outra, as áreas afectadas pola súa proliferación coñecen os efectos da especulación inmobiliaria (barbeito social) sobre os terreos colindantes, encontrándonos en torno das urbanizacións de San Vicente do Mar, Pedras Negras, Montemar e Balea-Marítima con amplos espacios dominados pola expectativa especulativa.

As vías de comunicación e en concreto as estradas actúan como articuladoras do crecemento do turismo residencial, como eixos estruturantes e de difusión das vivendas secundarias, determinando unha expansión radial do fenómeno turístico dentro do espacio agrario (C-550, CL O Grove-San Vicente, ...). Conformándose o que poderíamos calificar como unha “dispersión lineal”, ou como “urbanización rústica” (Jurdao,Fco.,1990), un crecemento espontáneo e desorganizado seguindo o trazado das vías ó tempo que se produce unha tendencia á autoconcentración en certas encrucilladas (as praias, núcleos urbanos,).

2.2.-A ESTRUCTURA AGRARIA E A SÚA REPERCUSIÓN SOBRE A ACTIVIDADE TURÍSTICA.

2.2.1. A estrutura das explotacións agrarias.

A análise da evolución do número de explotacións e parcelas entre 1962 e 1989, permítenos establece-las seguintes consideracións sobre o impacto da actividade turística:

- A redución do número de explotacións e de parcelas no intervalo 1962-1989 afecta a tódolos municipios: O Grove (-43,90% y -69,87%, respectivamente), Poio (-12,65% y -39,68%, respectivamente), Pontevedra (1,44% y -11,24%, respectivamente) e Sanxenxo (-17,00% y -40,90%, respectivamente) (Figuras nº5 e 6).




Figura nº5.- Evolución do número de explotacións agrarias 1962-1989 nos municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra.
Fonte: Censos Agrarios 1962-1989.




Figura nº6- Evolución do número de parcelas 1962-1989 nos municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra.
Fonte: Censos Agrarios 1962-1989.

- Sanxenxo rexistra o maior descenso no número de parcelas no intervalo 1972-1982 (-31,76%), período no que se produce o grande avance do turismo residencial, o que podemos constatar, pois é cando se conceden o maior número de licencias de obras por parte do concello (6.635).
- O Grove, pola súa banda, experimenta un aumento no número das súas parcelas entre 1972 e 1982 (2,31%) debido a que neste intervalo é cando se poñen en marcha as urbanizacións de carácter secundario. Mentres que o importante descenso rexistrado entre 1982 e 1989 (-34,68%), está moi relacionado á consolidación practicamente total das urbanizacións de San Vicente do Mar, Pedras Negras e Balea-Marítima, e á crecente proliferación de residencias secundarias diseminadas pola superficie municipal.




Figura nº7- Tamaño das explotacións agrarias: Evolución do número de explotacións inferiores ás 5 Ha 1962-1989.
Fonte: Censos Agrarios 1962-1989.

A pesar destas modificacións apuntadas, motivadas en parte pola actividade turística, a estrutura das explotacións nos municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra séguese caracterizando por un destacado minifundismo que dificulta os procesos urbanísticos derivados da actividade turística (Cadro nº1). O planeamento actualmente vixente nos municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra conforme ó establecido na L.A.S.G.A.(Lei de Adaptación da Lei de Solo a Galicia, D.O.GA 29-8-85), esixe unha superficie mínima de parcela para poder construír co fin de imposibilitar a formación de novos núcleos de poboación (art. 85, LASGA), que é de 2.000 m² para o Solo Non Urbanizable Común e de Protección Agropecuaria, e de 5.000 m² para o Solo Non Urbanizable de Protección Forestal. Esixencias que fan inviable practicamente a edificación de carácter legal nos espazos afectados por tales calificacións, ante a imposibilidade material de dispoñer dunha parcela desas dimensións. Non obstante, isto non quere dicir que non se fagan construcións infrinxindo a lei, que contan en ocasións coa colaboración dos organismos municipais como resultado da súa desidia e da práctica dunha política de recoñecemento dos feitos consumados.

Por outro lado, teñamos presente a relación causa-efecto que existe entre a gran propiedade e as urbanizacións de carácter secundario. De aí que na área turística analizada e ante o dominio do minifundismo parcelario, proliferen as residencias secundarias ailladas,

dificultando a promoción de urbanizacións que requireron case sempre de procesos previos de agregación parcelaria. Así a urbanización Pedras Negras levouse a cabo a partir da agregación de dúas parcelas de 2,45 e 8,81Ha., pero o mesmo acontece noutros casos como: Montemar, San Vicente do Mar, A Toxa, Actualmente estes procesos dificultáronse aínda máis debido, por un lado, a unha maior concencia dos propietarios agrícolas respecto ó fenómeno turístico e das súas implicacións sobre o valor do solo e, por outro, ó planeamento vixente que restrinxe na práctica a aplicación dos Plans Parciais ó S.A.U. (Solo Apto para Urbanizar).

Tamaño explotacións	O GROVE		POIO		PONTEVEDRA		SANXENXO	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0,1 a <5 Ha.	555	98,75	870	99,09	4.026	98,55	1.892	99,47
>=5 a <10 Ha.	4	0,71	1	0,11	24	0,59	6	0,32
>=10 a <20 Ha.	2	0,36	1	0,11	5	0,12	3	0,16
>=20 a <50 Ha.	-	-	-	-	4	0,10	-	-
>=50 Ha.	1	0,18	6	0,69	14	0,34	1	0,05

Cadro nº1.- Distribución das explotacións censadas na marxe norte da Ría de Pontevedra segundo a súa superficie total en 1989 (en Ha.).

Fonte: I.N.E., Censo Agrario 1989. Elaboración propia.

2.2.2.- Características sociodemográficas dos propietarios das explotacións.

Un dos principais problemas do sector agrícola é o envellecemento demográfico dos titulares das explotacións. A explotación familiar minifundista dominante na marxe norte da Ría de Pontevedra, lonxe de coñecer unha mellora nas características sociodemográficas dos seus titulares viuse afectada por unha perpetuación da situación cando non un empeoramento. A evolución dos datos estatísticos sobre os empresarios agrarios (Figura nº8), segundo as informacións facilitadas polos Censos Agrarios entre 1972 e 1989, permítennos establecer as seguintes consideracións:

- A creación de empregos noutros sectores productivos, entre eles o turístico, que exercen unha especial atracción sobre a poboación xove especialmente na feminina, explican a redución do número de titulares de explotación menores de 35 anos no intervalo 1972-1989, nos municipios de O Grove (-40%) e Sanxenxo (-6,06%).

Descenso de efectivos que se rexistra tamén aínda que centrado entre 1982 e 1989 en Poio (-45,45%) e Pontevedra (-54,39%).

- Entre 1982-1989 rexístrase un retroceso xeral no total de titulares de explotación con idades comprendidas entre 35 e 54 anos, O Grove (-28,28%), Poio (-23,55%), Pontevedra (-25,58%) e Sanxenxo (-29,10%), feito que debemos vincular ó proceso de abandono da actividade agraria nestas idades cara a outros sectores da actividade económica, fundamentalmente aquelas ocupacións que aceptan persoas cun baixo nivel de cualificación (construcción, hostelería, servizo doméstico, ...), relacionadas na súa maioría co turismo.

A estrutura sociodemográfica resultante, reflectida no Censo Agrario de 1989 caracterízase por un forte envellecemento (Figura nº9). Os grupos de 55 a 64 anos e de maiores de 65 anos, reunen á gran maioría dos titulares das explotacións agrarias dos municipios analizados: O Grove (80,29%), Poio (66,17%), Pontevedra (62,69%) e Sanxenxo (68,09%) ó igual que a provincia de Pontevedra (66,66%).




Figura nº8.- Evolución do número de empresarios agrícolas 1972-1989 nos municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra.
Fonte: Censos Agrarios 1972-1989.




Figura nº9.- Evolución do número de empresarios agrícolas maiores de 65 anos 1972-1989 nos municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra.
Fonte: Censos Agrarios 1972-1989.

Esta situación presenta graves problemas, xa que a unha idade avanzada hai proclividade a perpetua-los sistemas de explotación tradicional baseados na experiencia práctica e hai certa prevención a aceptar cambios nos modelos de produción agraria (novos cultivos, orientacións, técnicas e innovacións). A escasísima presenza de xoves empresarios agrarios: O Grove (1,07%), Poio (2,07%), Pontevedra (3,01%) e Sanxenxo (1,63%), que se corresponden cos efectivos máis emprendedores, é un fidel reflexo da carencia de perspectivas que ofrece a actividade agraria e unha das consecuencias do éxodo rural (Cadro nº2).

IDADES	O GROVE		POIO		PONTEVEDRA		SANXENXO	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
<35 anos	6	1,07	18	2,07	130	3,21	31	1,63
35-54 anos	104	18,64	276	31,76	1.382	34,13	575	30,28
55-64 anos	164	29,39	300	34,52	1.115	27,54	522	27,49
>=65 anos	284	50,90	275	31,65	1.422	35,12	771	40,60

Cadro nº2.- Estructura por idade dos empresarios agrarios (persoa física) na marxe norte da Ría de Pontevedra en 1989.

Fonte: I.N.E., Censo Agrario 1989. Elaboración propia.

O reducido número de xoves que teñen nesta actividade o seu medio de vida, fan pensar que nun curto período de tempo terá lugar unha importante redución do sector agrícola, co conseguinte retroceso da superficie agraria que será aproveitado por outros usos entre eles o turístico.

2.2.3.- Características socioproductivas da explotación familiar: a A.T.P..

A estrutura agraria minifundista, ante o difícil que resulta supera-lo autoabastecemento, a escasa capitalización e orientación mercantil das explotacións agrarias, leva a procurar rendas complementarias ó traballo no campo noutros ámbitos. Estamos diante do fenómeno que coñecemos como Agricultura a Tempo Parcial (A.T.P.), onde no seo dunha explotación agrícola familiar combínase o traballo agrario con outros, tradicionalmente na pesca ou no marisqueo pero na actualidade primordialmente na industria (conserveiras, aserradeiros, construción ...) ou nos servizos (comercios, hostelería, ...), conformándose verdadeiras economías familiares mixtas. Neste senso perfílase a figura do “traballador simbiótico” (*Souto González, 1982*) xa que se produce unha auténtica simbiose, unha verdadeira coalescencia de actividades nunha mesma persoa.

A distinta forma de recoller nos Censos Agrarios a información sobre a ocupación principal dos titulares das explotacións agrarias e das súas axudas familiares, impídenos establecer comparacións significativas no tempo. En calquera caso permítenos constatar:

- En 1982 dominan dun modo global as ocupacións principais á marxe da agricultura en tódolos municipios, debido á importancia acadada nun contexto de desenvolvemento turístico polo subsector da construción e o sector servizos. As maiores porcentaxes de ocupación principal non agraria rexístranse en O Grove (37,93%) e Poio (40,15%) en función dunhas condicións pouco favorables á práctica da mesma e dos efectos orixinados pola grande oferta de emprego que xera a actividade turística especialmente en O Grove, ó que hai que engadir no caso de Poio a proximidade á cidade de Pontevedra.
- O Censo Agrario de 1989, permítenos constatar dous feitos consubstanciais á A.T.P.: as mulleres son as que levan o peso esencial da explotación agraria, como se comproba nas altas porcentaxes acadadas polos efectivos femininos que traballan só na explotación: O Grove (80,81%), Poio (95,80%), Pontevedra (81,22%) e Sanxenxo (88,21%); e o carácter familiar das explotacións evidénciase no elevado número doutros membros da familia que colaboran nas tarefas agrarias e na alta porcentaxe

dos mesmos que teñen outra ocupación xa sexa principal ou secundaria. Este feito constitúe unha proba evidente de que estamos ante unha actividade agrícola afectada por un grave problema de subemprego, en función do gran número de persoas que con distinto grao de parentesco participan dos labores no campo.

A práctica da A.T.P. dende un punto de vista económico repercute nunha baixa especialización do campo, no seu escaso desenvolvemento e na baixa profesionalización deste conxunto de actividades xa que se concibe a agricultura como unha actividade de apoio ó sustento familiar á cal hai que engadi-los ingresos procedentes doutras ocupacións. A pequena explotación familiar funciona como un colchón ocupacional, como garantía de subsistencia nos períodos de crise e nas épocas en que se reducen as ofertas de emprego. Relacionadas co carácter temporal de gran parte das ocupacións no marisqueo, na pesca de altura, na construción, na hostelería, ... en función dunha marcada estacionalidade nestas actividades.

Unha actividade agraria marxinal que repercute xeralmente na intensificación de certos aproveitamentos máis productivos que requiren menos coidados (hortalizas, cultivos baixo plástico, ...) e con destino ó autoconsumo ou a un mercado turístico e urbano próximo. Ademais de xerar un aumento dos terreos destinados a monte froito da especulación residencial en moitos casos de finalidade turística (barbeito social). Por outro lado leva consigo a fixación da poboación no ámbito rural, proceso paralelo á construción de novas vivendas, preferentemente nas cercanías das vías de comunicación, segundo unha tipoloxía que imita os gustos urbanos ou dos turistas.

As consecuencias derivadas destes procesos son aplicables a tódolos municipios analizados; as diferencias establécense na magnitude do solo urbanizado, na superficie agrícola que se perdeu, na transcendencia dos impactos sobre a estrutura agraria preexistente, ... En calquera caso chegouse a unha situación actual mellor que a anterior cunhas estruturas algo máis modernas, pero que non ocultan a existencia de graves problemas que hai que remediar se queremos aliviar a situación de inferioridade da actividade agraria con respecto a outros sectores, entre eles o turístico.

O planeamento que estivo vixente nos distintos municipios resultou unha ferramenta ineficaz para protexer-lo solo agrario fronte ó avance doutros usos do solo, entre eles o turístico, ó non establecer límites practicamente á súa expansión incontrolada. Esta

intencionada planificación propiciadora dunha competencia desleal entre a agricultura e o turismo deu lugar a unha expansión do espacio construído desigualmente repartida entre a costa e o interior. Polo cal é necesario considerar un modelo de planificación integral que evite a subordinación ó sector turístico doutras actividades como a agricultura, prestando atención a criterios de rendibilidade entendida non só dende un punto de vista económico senón tamén cultural e medioambiental. Sintetizando propostas de ordenación de usos (agrario, turístico, áreas de interese natural protexidas, ...) de acordo cos límites de capacidade de acollida do territorio, entendida como tolerancia do mesmo para ser usado sen que os deterioros do mesmo superen os límites aceptables (*Vera Rebollo, Fdo., 1987*).

3.-TURISMO E HÁBITAT. ALTERACIÓNS NA MORFOESTRUCTURA DOS ASENTAMENTOS A POBOACIÓN.

“O hábitat entendido como asentamento da poboación, é indiscutiblemente a expresión física da maneira de vivir e actuar dun grupo determinado sobre o espacio que lle serve de sustento” (*Pazo Labrador, A. J., 1987*). Dende unha concepción posibilista, o modo de vivir ou xénero de vida (*Sorre, M., 1952*), ven configurado pola totalidade das actividades desenvolvidas por un grupo humano, que marcan as súas pautas de comportamento e as súas expresións físicas sobre o territorio. Non esquezamos que o espacio é un produto social, cunha organización que reflicte a sociedade que actúa sobre él. Neste senso, o desenvolvemento turístico experimentado dentro da marxe norte da Ría de Pontevedra favoreceu unha apropiación diferencial do espacio, como efecto de determinadas relacións sociais e de distinto poder de cada clase (estructura da propiedade, estratexias productivas, recursos económicos investidos, ...). Neste proceso de consumo de espacio, o turismo ocasionou ademais unha serie de alteracións socioeconómicas e unha nova conformación da paisaxe, un cambio de fisionomía do hábitat (descenso da superficie agraria, invasión constructiva do dominio público marítimo-terrestre, variacións na tipoloxía das vivendas, alteracións na estrutura dos asentamentos da poboación, ...), como produto dos conflitos territoriais de competencia que se establecen entre os grupos sociais con diferentes intereses á hora de atribuír ó solo un determinado uso. En definitiva, a miña pretensión é analiza-la competencia que o turismo e as súas actividades vinculadas establecen coas outras, a través da modificación da rede tradicional de asentamentos. Transformacións relacionadas cunha continuada ocupación e produción de espacio con destino á prestación de servicios de ocio, e esencialmente coa proliferación das residencias secundarias, xa sexa, ligadas ás urbanizacións ou non, coa conseguinte especulación e

elevación dos prezos do solo, que propician cambios na súa valoración e usos. A intensidade do proceso de urbanización turística conlevou ó deseño dunha “paisaxe construída”, dunha morfoestrutura dos asentamentos da poboación, na que os factores estruturantes son diferentes ou cambiaron a súa valoración con respecto á trama tradicional, propiciando non xa só modificacións dentro dos núcleos tradicionais senón tamén a creación de novos núcleos, neoxénicos, caracterizados pola súa singularidade, cunha estrutura interna e tipoloxía de vivenda propios.

Os asentamentos seguen unha instalación selectiva, que se nun primeiro momento estaba determinada esencialmente por factores naturais (climáticos, topográficos, edafolóxicos, ...) en estreita relación cun sistema económico imperante autárquico e centrado na agricultura, pasou nos últimos tempos, a raíz do desenvolvemento turístico e urbano a ser determinada pola presenza dunha serie de elementos dinamizadores como a localización dos centros principais (O Grove, Pontevedra, Portonovo e Sanxenxo) e as vías de comunicación máis destacadas (N-550, N-541, C-550, ...), así como a diversificación económica propia das áreas costeiras. Os asentamentos tenden a concentrarse nos espazos litorais; mentres os sectores máis elevados e afastados deles preséntanse como áreas de subpoboación, de repulsión ós asentamentos de poboación. Detectándose consecuentemente unha clara e crecente dicotomía litoral-interior, parroquias costeiras-parroquias interiores, na distribución dos asentamentos da poboación. En función da complementariedade e diversificación de ingresos que supuxeron dende sempre as actividades relacionadas co mar, xunto ó importante papel desempeñado actualmente pola urbanización de ocio, centrada case exclusivamente en primeira liña de costa.

Por conseguinte, distinguimos o que poderíamos calificar como un estadio tradicional dos mesmos, cunha estrutura que se prolongaría sen sufrir grandes alteracións ata finais dos sesenta, onde as relacións do ser humano co medio estaban determinadas por un aproveitamento agrario cando menos cercano á subsistencia, complementado cos recursos proporcionados pola pesca e o marisqueo; e un estadio actual, caracterizado polo “boom” turístico e a expansión do fenómeno urbano, cunhas relacións socioeconómicas máis abertas e rexidas dende os núcleos principais, cunha área de influencia e de dominación espacial que é cada vez maior e faise máis evidente.

As actividades turísticas como instrumento colonizador do territorio nos últimos decenios, transformaron amplamente grandes extensións da liña costeira dos municipios de O Grove, Poio e Sanxenxo, a través do proceso de produción de espazo ocio-turístico.

Actividade urbanizadora que lonxe de supoñer unha acción ordenada e coherente constitúe unha xuxtaposición de actuacións de carácter similar; dificultadas, sen dúbida, pola intensa división da propiedade do solo que obstaculizou as grandes promocións turísticas (urbanizacións de carácter secundario) e, en cambio, posibilitou a proliferación atomizada da vivenda secundaria, xeralmente de tipo familiar. Por tanto, o desenvolvemento turístico, ademais de supoñer un cambio sustancial na funcionalidade do espacio conleva á súa vez un tipo de hábitat propio.

O hábitat actual, cun marcado carácter turístico, difere pola súa propia concepción e configuración do hábitat agrario tradicional, como resultado da transformación das tradicionais técnicas e das relacións sociais do medio rural, dun cambio na funcionalidade económica do espacio que deixa de estar estruturado en función da capacidade productiva agrícola das súas terras para subordinarse a outras variables como a accesibilidade, a localización, a calificación do solo derivada do planeamento territorial ou os caracteres paisaxísticos do contorno. Os cambios nas relacións sociais son o resultado, en gran medida, dunha xeralización dos modos de vida urbanos, vía “aculturación turística” ou “massmedia” (auge e mellora das comunicacións e proliferación dos fluxos de información). Resulta materialmente imposible establecer un límite preciso entre o rural e o urbano; sendo necesario falar dun continuo rural-urbano (*Johnston et al., 1987*), como consecuencia da conxunción de: un proceso de “urbanización” (xeralización dos ritmos de vida e os comportamentos urbanos), doutro de “desruralización” (terciarización da economía, A.T.P., ...) e dun crecente proceso de periurbanización. Non existe como sucedía no hábitat tradicional unha ruptura clara entre a cidade e o resto do territorio, podéndose establecer actualmente dous extremos dentro do continuo de asentamentos: a cidade de Pontevedra e unha serie de pequenas aldeas rurais (Riomouro, Esperón, ... en Poio; Navalexos, Birrete, Potomuiño, ... en Pontevedra; ...); e uns núcleos urbanos intermedios: as vilas de O Grove, Portonovo e Sanxenxo. Entre os que se sitúan as restantes entidades e espazos que nos encontramos dentro da marxe norte da Ría de Pontevedra (*Lois González, R. C., 1992*).

O hábitat tradicional, polo tanto, como feito dinámico que é, transformouse; transformacións que afectan tanto á súa estruturación espacial como ás súas unidades elementais, as casas, e a súa disposición particular dentro dos asentamentos. Detéctase dentro do hábitat actual, ademais do mantemento de edificacións tradicionais, ó menos nos seus compoñentes básicos, novas construcións que seguen unha tipoloxía edificativa allea ó contorno: as vivendas de reposición dos emigrantes e agricultores (posto que reemprazan

unha antiga casa, que no mellor dos casos pasa a desempeñar outras funcións: graneiro, corte, ...), as residencias secundarias, as vivendas permanentes de cidadáns, as casas dos agricultores a tempo parcial, ... Todas elas ordenadas en función dunha cada vez máis tupida rede de comunicacións, salpicando o espazo intercalar entre dúas entidades ou desdobrando as entidades orixinais como unha mera prolongación; contribuíndo, en suma, a desvirtua-lo asentamento orixinal, feito en base a uns criterios e a uns fins ben definidos que para estas novas instalacións non teñen razón de ser. Consecuente, no hábitat actual dentro dunha entidade de poboación podemos diferenciar uns elementos “embrionarios” ou “xeradores” e uns elementos “desglosados” (*Martinez del Río, M. N., 1986*); edificacións construídas por persoas que aspiran a “reconquistar un espazo perceptible, xa non un espazo do que , como a sociedade rural, sería o produto, senón un espazo que sexa produto” (*George, P., 1981*). Un novo modelo de hábitat, cunha estruturación interna que pese a estar conformado por unha serie de factores que se repiten constantemente (accesibilidade, vías de comunicación, proximidade as praias, ...) presenta unha grande arbitrariedade que necesariamente debe controlarse por medio dunha planificación territorial máis acorde coas necesidades das actividades turísticas e de preservación do contorno paisaxístico e ambiental. Co fin de evita-la destrución por parte das propias actividades turísticas un dos principais potenciais compoñentes da súa oferta, o hábitat rural tradicional onde aínda a súa conservación é posible.

O modelo actual de poboamento que xira en torno ó que pode parecer a simple vista unha contradicción, unha combinación de concentración en pequenos núcleos puntuais normalmente coincidentes coas encrucilladas de camiños, vías de comunicación, praias, ... e unha diseminación xeralizada de vivendas unifamiliares xeralmente de carácter secundario por todo o territorio. É dicir, á dispersión de entidades tradicional sobreimpónselle unha diseminación secundaria de idade recente, frecuentemente anárquica. Tamén debemos ter presente a existencia de movementos centrípetos de concentración no poboamento con dirección ós núcleos urbanos da cidade de Pontevedra e das vilas de O Grove, Portonovo e Sanxenxo.

Proceso urbanizador que configurou amplos espazos cun carácter que oscila entre o rural e o urbano, calificados como rururbanos. Onde a promoción das vivendas é dobre, por un lado hai un fenómeno de autoconstrución e por outro, deséñanse urbanizacións. Vivendas ocupadas en gran medida por persoas desprazadas cara ós núcleos urbanos pola oferta de traballo ou por emigrantes (retornados ou non) que invisten os seus aforros nalgunha delas, que logo alugan ás veces en verán con finalidades turísticas. Coexistindo con outros aproveitamentos do solo: fábricas conserveiras, serradoiros, almacéns, ... mesturados cun uso agrícola vestixio do hábitat tradicional. Elementos que conforman un

novo espacio, de marcado carácter ocio-turístico, onde o solo deixou de ser un ben productivo e converteuse nun ben especulativo, nunha mercadoría, que se pode vender a quen mellores condicións económicas ofrezca.

A análise das densidades de poboación e a súa evolución entre 1960-1991, permítenos definir ademais dos sectores máis ou menos poboados aqueles máis dinámicos demograficamente. As altas densidades de poboación existentes no poboamento tradicional lonxe de atenuarse aumentaron de forma continuada durante o intervalo 1960-1991, como resultado do dinamismo económico do espacio analizado que permitiu absorber ademais do crecemento natural da poboación a un destacable número de emigrantes retornados e de inmigrantes procedentes fundamentalmente do contorno rural próximo. A nivel municipal, o incremento da poboación foi xeral entre 1960-1991, aínda que se aprecian diferencias na intensidade deste crecemento: O Grove (35,65%), Poio (73,18%), Pontevedra (48,86%) e Sanxenxo (32,46%). Os maiores incrementos rexistrados en Poio e Pontevedra, están en estreita relación co dinamismo demográfico da cidade central e do seu espacio periurbano. Na distribución das densidades de poboación a escala parroquial en 1991, se ben seguen tendo relevancia os factores naturais (altitude, pendentes, calidade do solo, ...) cobraron maior protagonismo elementos novos como a presenza de vías de comunicación, de núcleos urbanos e en especial da costa en relación ó desenvolvemento turístico experimentado nas últimas décadas (Figuras nº10 e 11).




Figura nº10.- Densidade de poboación en 1960 nas parroquias da marxe norte da Ría de Pontevedra. Fonte: Censo de Poboación 1960.




Figura n11.- Densidade de poboación en 1991 nas parroquias da marxe norte da Ría de Pontevedra. Fonte: Censo de Poboación 1991.

A evolución comparada da distribución da poboación e das vivendas no intervalo 1960-1991 (Figura nº12), permítenos constatar a simple vista un crecemento xeral da poboación inferior a do número de vivendas a nivel municipal, e dentro destas últimas un incremento maior nas vivendas secundarias que nas principais, en conexión co destacado papel das actividades turísticas no espazo xeográfico analizado. Nesta análise a nivel parroquial carecemos lamentable de datos referentes ás vivendas secundarias; en calquera caso a confrontación das cifras de crecemento de poboación cos de incremento no número de vivendas permítenos extraer conclusións interesantes:

- As parroquias interiores de carácter rural do municipio de Pontevedra e de Sanxenxo presentan decrecemento de poboación entre 1960-1991: Berducido (-4,74%), Bora (-28,42%), Campañó (-6,59%), Canicouva (-27,41), ... en Pontevedra, e Nantes (-1,61%), coa única excepción de Alba (11,66%) e Pontesampaio (1,63%) en Pontevedra, e Gondar (29,13%) en Sanxenxo, ó estar atravesadas as dúas primeiras pola N-550 e a última pola C. Local PO-304 que se configuran como importantes eixos de poboamento lineal. Se atendemos ó incremento do número de vivendas encontrámonos cun maior número de parroquias con valores positivos: Alba (38,0%), Bora (1,31%), Canicouva (6,90%), Lourizán (36,03%), Marcón (26,75%),

Pontesampaio (33,70%), Salcedo (12,88%) e San Andrés de Xeve (8,94%) en Pontevedra, e Gondar (70,07%) e Nantes (6,67%) en Sanxenxo. Situación que non é explicable unicamente pola construción de vivendas de substitución e de novas vivendas principais ligadas á relativa decadencia da tradicional familia do rural galego, senón que nos fala máis ben de proliferación de vivendas de carácter secundario en relación ó auxe das actividades ocio-turísticas.

- As parroquias que rexistran maiores incrementos de poboación entre 1960-1991 nos municipios analizados son aquelas que engloban a núcleos urbanos: San Martiño de O Grove (42,43%); Adina (45,07%) e Padriñán (71,25%) en Sanxenxo; Pontevedra (cidade) (160,42%) e no caso do municipio de Poio, que carece de poboacións destacables, a parroquia de San Salvador de Poio (161,13%) que forma parte da orla periurbana inmediata da cidade de Pontevedra. En calquera caso, rexistran o seu incremento demográfico máis destacado na década dos setenta: 19,63%, 27,86%, 22,05%, 32,98% e 50,97%, respectivamente. Este crecemento da poboación vai acompañado dun incremento superior no número de vivendas: San Martín de O Grove (161,69%), Adina (187,86%), Padriñán (510,03%), San Salvador de Poio (317,66%) e Pontevedra (cidade) (333,42%), onde participan de forma destacada as de carácter secundario.
- O resto das parroquias costeiras de Poio e Sanxenxo presentan no intervalo 1960-1991 incrementos de poboación bastante inferiores ós rexistrados no número de vivendas, debido ó importante crecemento das residencias secundarias, que buscan a proximidade da costa e a accesibilidade proporcionada pola C-550: Arra (22,71% e 471,11%), Bordóns (20,09% e 12,96%), Dorrón (11,04 e 74,92%), Noalla (15,29% e 138,60%) e Vilalonga (28,33% e 65,65%) en Sanxenxo; e Combarro (41,85% e 140,49%), San Xoan de Poio (45,13% e 95,20%), Raxó (68,82% e 291,67%) e Samieira (22,00% e 136,97%) en Poio.
- Un caso espacial é a parroquia de San Vicente de O Grove, que pese a tratarse dun territorio costeiro presenta un decrecemento demográfico entre 1960-1991 do -2,32%, centrado na década dos setenta (-5,31%) e en relación basicamente ó poder de atracción exercido sobre a súa poboación pola vila de O Grove e unhas condicións naturais desfavorables (solos areentos, disposición cara os ventos dominantes, ...) para o poboamento tradicional de carácter agrario, pero non cara as actividades turísticas como o demostra un elevadísimo incremento no número de vivendas (311,92%).




Figura nº12.- Evolución do número de vivendas 1960-1991 por parroquias na marxe norte da Ría de Pontevedra. Fonte: Nomenclátore 1960-1991(INE).

En conclusión, topámonos cun claro desfase do incremento demográfico con respecto ó de número de vivendas. A explicación debemos procurala, ademais de na construción de vivendas de reposición por parte de emigrantes ou ben dos propios agricultores e de vivendas ligadas á disgregación que supón o cambio de modelo de familia a unha constituída por un menor número de individuos, no desenvolvemento das residencias secundarias en especial polo sector litoral. Consecuentemente, apreciamos de novo, ó igual que resultaba das densidades de poboación, unha clara dicotomía entre as parroquias costeiras e interiores, observando que as primeiras son as máis afectadas pola proliferación das residencias secundarias vinculadas ás actividades ocio-turísticas; sendo, por tanto, as que máis claramente van reflexa-los cambios de funcionalidade na organización do espacio que supón a morfoestructura de asentamentos actual dun marcado carácter turístico.

As variacións rexistradas entre 1960 e 1991 no número medio de habitantes por vivenda, non fan máis que profundar e confirma-las conclusións obtidas anteriormente. O descenso dos valores é claro a nivel municipal: O Grove (3,87 en 1960 e 1,86 en 1991), Poio (3,99 en 1960 e 2,50 en 1991), Pontevedra (4,15 en 1960 e 2,86 en 1991) e Sanxenxo (3,71 en 1960 e 1,69 en 1991); a explicación debemos procurala dun lado no cambio do modelo de familia predominante e no descenso da natalidade e, doutro, fundamentalmente na proliferación de vivendas secundarias. No mesmo senso, topámonos con que as menores

medias de habitantes por vivenda en 1991 localízanse nas parroquias costeiras e con maiores usos turísticas: San Vicente de O Grove (1,06); Arra (0,99), Bordóns (1,71), Padriñán (0,75), ... en Sanxenxo; Raxó (1,55) e Samieira (1,86) en Poio (Figuras nº13 e 14).




Figura nº13.- Número medio de habitantes por vivenda nas parroquias en 1960 da marxe norte da Ría de Pontevedra. Fonte: Nomenclátor de 1960.




Figura nº14.- Número medio de habitantes por vivenda nas parroquias en 1991 da marxe norte da Ría de Pontevedra. Fonte: Nomenclátor de 1991.

A aplicación do Índice de Dispersión en 1991 presenta unha alta densidade de asentamentos a nivel municipal: O Grove (1,42ent./km²), Poio (2,03 ent./km²), Pontevedra (1,64 ent./km²) e Sanxenxo (2,65 ent./km²). Situación que era igualmente reflectida polo sistema tradicional de asentamentos en 1960 e que presenta os seus valores máis baixos nos municipios de O Grove e Pontevedra debido ó poder aglutinador das súas capitais municipais. As variacións rexistradas nos valores do índice están en relación coa configuración de novas entidades de poboación, neoxénicas, que poden ter unha orixe espontánea ou planificada, é dicir, tratarse de “agrupamentos secundarios de idade recente” ou ben de urbanizacións de carácter turístico ou non. Sen esquecermos das deficiencias existentes na forma de recollida da información nos nomenclátors, que leva a cometer erros achacables á dificultade de discernir-los imprecisos límites entre entidades nun espazo cada vez máis densamente poboado, que se plasman en variacións no número de núcleos considerados.

Atendendo ó nivel parroquial, a distribución dos índices de dispersión descrita pola morfoestrutura tradicional dos asentamentos mantense nas súas pautas xerais (Figuras nº15 e 16). Agora ben, isto non quere dicir que non se producisen modificacións, deixando a un lado as alteracións aducibles a defectos do nomenclátor, que podemos concretar no reforzamento da dicotomía entre parroquias costeiras e interiores, na aceleración dos procesos de urbanización en torno á cidade de Pontevedra, e especialmente os relacionados coas actividades ocio-turísticas. Unha densificación crecente do poboamento na liña litoral, en función da importancia cobrada polas actividades pesqueiras e marisqueiras que propicia a aparición de novos asentamentos ligados á creación de portos ou á presenza de industrias derivadas da pesca. E por suposto do desenvolvemento turístico, que posibilitou que sectores litorais con amplas limitacións agrarias e en conexión co paso do solo de ben productivo a ben especulativo se mostren como espazos atraíntes e de concentración dun novo tipo de poboamento de carácter ocio-turístico, concretado na proliferación de residencias secundarias. É o caso da parroquia de San Vicente de O Grove coas súas urbanizacións de carácter secundario (Balea-Marítima, Montemar, Pedras Negras e San Vicente do Mar) e de parroquias como Noalla e Arra en Sanxenxo, que presentan “agrupacións de idade recente” de residencias secundarias en torno ás praias de A Lanzada e Montalvo. En efecto, o que era obstáculo para o hábitat tradicional convértese en atractivo para o hábitat actual de carácter turístico.




Figura nº15.- Índice de Dispersión (ent/Km²) en 1960 nas parroquias da marxe norte da Ría de Pontevedra. Fonte: Nomenclátor de 1960.




Figura nº16.- Índice de Dispersión (ent/Km²) en 1991 nas parroquias da marxen norte da Ría de Pontevedra. Fonte: Nomenclátor de 1991.

Polo que se refire ás modificacións observadas en 1991 no tamaño medio dos asentamentos, por número de habitantes e vivendas, e na súa distribución espacial con respecto á trama tradicional, observamos a nivel municipal, como apesar de que seguen presentando o tamaño medio máis elevado das entidades os municipios de Pontevedra

(385,37 hab./ent. e 143,93 casas/ent.) e O Grove (334,42 hab./ent. e 179,32 casas/ent.) ó posuí-los núcleos urbanos máis importantes no espazo xeográfico analizado, non é menos certo que a maior vocación turística de O Grove queda reflectida nun incremento moi superior no promedio de vivendas. Por esta mesma razón, Sanxenxo (125,29 hab./ent. e 76,80 casas/ent.) pese a verse amplamente superado polo promedio de habitantes de Poio (190,85 hab./ent. e 76,26 casas/ent.) segue reflexando una cifra media de vivendas lixeiramente superior. O importante papel xogado no incremento do promedio de vivendas por entidade pola proliferación de residencias secundarias vinculadas ó auxe turístico, tamén queda patente cando analizamo-la escala parroquial. De feito, seguen sendo as parroquias costeiras e en especial as próximas ou que engloban un núcleo urbano, as que presentan os valores máis elevados nos seus respectivos municipios: San Martiño de O Grove (543,00 hab./ent. e 264,00 casas/ent.); San Salvador de Poio (288,47 hab./ent. e 107,12 casas/ent.); Lérez (123,81 hab./ent. e 39,88 casas/ent.), Lourizán (169,18 hab./ent. e 60,41 casas/ent.), Marcón (147,50 hab./ent. e 45,36 casas/ent.), Mourente (132,33 hab./ent. e 41,33 casas/ent.), Pontevedra (cidade) e Salcedo (137,45 hab./ent. e 34,41 casas/ent.) en Pontevedra; e Adina (230,06 hab./ent. e 112,94 casas/ent.) e Padriñán (210,77 hab./ent. e 290,00 casas/ent.) en Sanxenxo; coa excepción de Combarro (303,00 hab./ent. e 136,00 casas/ent.) en Poio. En segundo lugar, outro grupo de parroquias que presentan os maiores promedios de número de vivendas son as costeiras dos municipios de O Grove e Sanxenxo, en función das súas indubidables condicións para as prácticas turísticas. Así se comprenden tamén os valores de Arra (127,00 hab./ent. e 128,50 casas/ent.) en Sanxenxo e Raxó (254,50 hab./ent. e 164,50 casas/ent.) en Poio; aínda que neste último caso tamén tivo a súa importancia a formación dunha “agrupación secundaria de idade recente” por aglutinamento de entidades singulares de poboación con anterioridade.

Pola súa parte seguen sendo as parroquias interiores e con topografía accidentada, as que presentan os menores tamaños medios: Bora (51,12 hab./ent. e 18,18 casas/ent.), Campañó (72,96 hab./ent. e 20,40 casas/ent.), Canicouva (95,33 hab./ent. e 41,33 casas/ent.) e Cerponzóns (63,85 hab./ent. e 19,92 casas/ent.) en Pontevedra; e Gondar (68,91 hab./ent. e 22,73 casas/ent.) e Nantes (48,87 hab./ent. e 13,87 casas/ent.) en Sanxenxo. É destacable o alto promedio de vivendas na parroquia de Canicouva, cunha explicación que debemos centrar na existencia de vivendas de carácter secundario como nos refrendan a elevada porcentaxe das mesmas sobre o total (37,10%). Tamén seguen existindo parroquias no interior do municipio de Pontevedra que ven compensados os seus baixos valores no índice de dispersión cun notable tamaño medio das súas entidades, aínda

que menor do rexistrado en 1960: Alba (114,88 hab./ent. e 31,75 casas/ent.), Verducido (149,14 hab./ent. e 32,71 casas/ent.), Pontesampaio (145,11 hab./ent. e 54,22 casas/ent.), San Andrés de Xeve (195,50 hab./ent. e 66,67 casas/ent.) e Santa María de Xeve (200,60 hab./ent. e 53,20 casas/ent.). Por último, como acontecía no estadio tradicional tamén apreciamos tamaños inferiores ó que cabería agardar en parroquias costeiras que se prolongan amplamente polo interior ou que presentan sectores pouco aptos para as actividades agrarias que estruturan o hábitat tradicional: San Vicente de O Grove (81,14 hab./ent. e 76,50 casas/ent.); San Xoán de Poio (152,53 hab./ent. e 50,17 casas/ent.) e Samieira (80,42 hab./ent. e 43,25 casas/ent.) en Poio; e Bordóns (64,25 hab./ent. e 37,63 casas/ent.), Dorrón (100,82 hab./ent. e 44,00 casas/ent.), Noalla (121,42 hab./ent. e 55,63 casas/ent.) e Vilalonga (112,32 hab./ent. e 34,26 casas/ent.) en Sanxenxo. Agora ben, a importancia dos asentamentos turísticos dentro do hábitat actual queda tamén constatada indirectamente nestas parroquias se analizamo-las porcentaxes de vivendas secundarias sobre o total en cada unha delas: San Vicente de O Grove (73,58%); San Xoán de Poio (24,98%) e Samieira (51,83%) en Poio; e Bordóns (52,82%), Dorrón (42,83%), Noalla (49,01 %) e Vilalonga (23,50 %) en Sanxenxo.

Unha crecente densificación do hábitat nas parroquias costeiras resultante, como xa apuntamos, dun aumento da poboación e do incremento do espazo construído tanto en núcleos consolidados como de forma intercalar, que debido á súa extensión espacial chega a dificulta-lo recoñecemento dos límites entre entidades. Un novo espazo social, caracterizado pola dinámica diferencial dos asentamentos e a dicotomía costa-interior e onde se produciu un cambio na funcionalidade e na valoración do solo dende unha óptica turística ou urbana segundo o sector en que nos topemos, cobrando para o emprazamento dos novos asentamentos ou construcións importancia especial os factores dinámoxenos: rede de estradas (accesibilidade), cercanía á costa e proximidade ós núcleos urbanos como centros de atracción de infraestruturas de ocio, servizos e emprego, ó mesmo tempo que as condicións físicas do medio son reinterpretadas.

A distribución dos asentamentos con respecto á altitude en 1991 segue caracterizándose ó igual que no hábitat tradicional polo predominio das localizacións nos sectores menos elevados que se corresponden maioritariamente coa chaira litoral, aínda que unha análise máis detida permítenos constatar un aumento dos emprazamentos por debaixo da curva dos 100 metros na marxe norte da Ría de Pontevedra (Figura nº17). Nova distribución que é o resultado do cambio de valoración espacial e de funcionalidade económica xerada polas actividades turísticas, onde as menores altitudes e a proximidade á

costa enmarcan os sectores de maior dinamismo. Dinamismo que conleva unha crecente ocupación da chaira litoral por un número cada vez maior de residencias secundarias, mesmo naqueles sectores areentos ou semipantanosos abertos ó mar sen protección nengunha dos ventos e pouco atractivos ó poboamento tradicional como son o sur de O Grove e o suroeste de Sanxenxo.

As vías de comunicación, en especial a C-550, actúan como liña de separación entre o hábitat tradicional e as novas construcións ligadas preferentemente ás actividades ocio-turísticas, tendo sempre presente que en xeografía non existen separacións perfectas entre dúas realidades. Pero ademais de límite serve de área de contacto ó longo da cal se instalan as novas edificacións diseminadas ou intercaladas ligadas ás tradicionais polas actividades dos seus moradores que tenden a parecerse cada vez máis ás xeradas polo ocio debido ó efecto mimético que induce a proximidade (*Pazo Labrador, A.J., 1995*). As vías de comunicación inflúen na evolución das entidades de poboación xa que estas novas construcións son atraídas pola maior accesibilidade, configurándose un crecemento desorganizado no cal as edificacións seguen linealmente a dirección dos trazados das estradas, ó tempo que se produce unha certa concentración das mesmas en fitos concretos: encrucilladas de camiños, proximidades de praias, ... , que podemos calificar de “dispersión orgánica” (*Ferrás Sexto, C., 1993*).




Figura nº17.- Mapa hipsométrico da marxe norte da Ría de Pontevedra.

As estradas actúan, por tanto, como vías articuladoras e estruturadoras da anarquía constructiva dos espazos que presentan maior dinamismo demográfico dentro da marxe norte da Ría de Pontevedra. Estes sectores máis dinámicos correspóndense coas áreas costeiras atractivas turisticamente e coas proximidades dos núcleos urbanos das vilas de O Grove, Portonovo e Sanxenxo, e en especial da cidade de Pontevedra. De feito ó longo da C-550 no trazado comprendido entre Portonovo e Sanxenxo configúrase practicamente un continuun edificativo polo crecemento dos asentamentos tradicionais que se desenvolveu cara a ela e evolucionan linealmente ó longo da mesma por medio fundamentalmente de construcións de carácter secundario, constituíndo un aglutinado de entidades nas que é difícil de precisar o límite das mesmas.

A proliferación de residencias secundarias supón de feito un auxe constructivo e incrementos demográficos estacionais, unha modificación do poboamento tan intensa como a que se rexistra nos contornos da cidade de Pontevedra se ben o desenvolvemento doutras actividades alleas ó turismo (marisqueo, pesca, pequena industria, ...) tenden a conformar unha paisaxe enormemente complexa (*Lois González, R. C., 1992*). No caso do municipio de O Grove, os asentamentos rurais tradicionais formados por vivendas exclusivamente vinculadas á explotación agraria aparecen actualmente conformados por unha tipoloxía constructiva moi variada: vivendas unifamiliares ailladas e adosadas de carácter secundario ou non, chalés, instalacións hoteleiras, talleres, almacéns, pequenas industrias, ... e con límites cada vez máis difusos. Singular importancia ten o proceso urbanizador espontáneo acontecido entre a vila de O Grove e Porto Meloxo, aproveitando o viario principal existente como calquera corredoiro ou camiño que permita un mínimo acceso.

O desenvolvemento turístico litoral plasmado fisicamente na aparición de residencias secundarias supuxo xeralmente o desdoblamento dos asentamentos en función do principio ordeador do crecemento edificativo imposto pola proximidade da costa e as vías de comunicación (na procura de accesibilidade). Concretamente na proximidade do antigo asentamento aparecen normalmente vivendas diseminadas entre a primitiva entidade e a estrada, e a ambas márxes da vía de comunicación novas vivendas vinculadas a emigrantes retornados ou de reposición xunto ás vivendas de carácter secundario que tenden a procura-la proximidade física da liña costeira. Existen múltiples casos, predominando os que se localizan ó longo da C-550 e na cercanía dunha praia: Carabuxeira en Padriñán (Sanxenxo), Montalvo en Arra (Sanxenxo), Covelo en Samieira (Poio), ... Mesmo ó longo da C-550, no tramo comprendido entre Pontevedra e Portonovo é moi usual que a entrada en contacto entre entidades que sufriron esta mesma evolución supoñan a

configuración dun continuum de poboamento. En ocasións constitúense o que calificamos como “agrupacións secundarias de idade recente” por aglutinación de entidades antigamente independentes, nas que as novas edificacións e entre elas as de carácter secundario localízanse ó longo dos diferentes camiños que as unen conformando unha entidade máis ampla onde os límites dos antigos asentamentos difumínanse totalmente (Figura nº18). Existen distintos casos, que ás veces no Nomenclátor aparecen recoñecidos como unha única entidade e outras veces non, e si os diferentes núcleos que a conforman. A título de exemplo, os conxuntos coñecidos como Arén lugar (Costa, Laxes, Pazo, Praza, Rueiro, Souto) e Raxó núcleo (Igrexa, Praia, Rego, Terradapedra) nas parroquias de Samieira e Raxó (Poio), respectivamente, figuran como unha única entidade no Nomenclátor de 1991. En cambio, outros casos como as agrupacións existentes en: Samieira en Poio (Publicada, Pedreísón, Pomar, Cova da Laxe, Teinogueira, Seimorzáns, Tarrío, Igrexa), Vilalonga (Cruceiro, Empalme, Salgueira, Vilar), ... figuran no Nomenclátor como entidades singulares. Aínda que como no caso de Vilalonga a agrupación que se verifica ó longo da C. C-550 no seu cruce coa CL-PO-304 sexa identificada dentro do mapa mental do espacio percibido polos propios habitantes do municipio como unha única entidade.



Figura nº18.- Rede viaria e localización espacial dos asentamentos neoxénicos de residencias secundarias na marxe norte da Ría de Pontevedra. Fonte: Nomenclátors 1960-1991 (INE) e Mapa Topográfico Nacional, Escala 1:25.000 (IGE).

Aqueles sectores do litoral cunhas condicións máis atractivas para o desenvolvemento das actividades turísticas coñeceron a conformación de agrupacións

espontáneas de residencias secundarias, sen nengún tipo de planificación, constituíndo en ocasións claros procesos urbanizadores clandestinos (a Lei de Solo de 1976 intenta xa evita-la creación de novas entidades deste tipo) con graves problemas infraestructurais (carecen de servizos colectivos de auga e saneamento, os viais non teñen firme nen beirarrúas, ...) que se tratan de resolver a título individual coas súas conseguíntes repercusións ambientais. Núcleos neoxénicos, que podemos definir como “agrupacións secundarias de idade recente” nas proximidades dunha praia e co apoio próximo dunha vía de comunicación. É o caso das novas entidades de poboación ó longo da C-550 que figuran nos dous últimos nomenclátors co topónimo dunha praia próxima: Areas (Dorrón), Areas e Nanín (Bordóns), Paxariñas e Canelas (Adina), Montalvo (Arra), A Lanzada e Montalvo (Noalla) todas elas no municipio de Sanxenxo. Trátase de claras “poboacións de persianas pechadas” (*Jung,J., 1972*), desenvolvidas sobre solos pobres para as actividades agrarias e que permanecen deshabitadas gran parte do ano. De aí que nos nomenclátors figuren cunha escasa poboación de feito en relación ó seu número de vivendas, maioritariamente secundarias, como se deduce de acha-la porcentaxe de vivendas secundarias sobre o total: Areas (88,10%) en Dorrón; Areas (63,51%) e Nanín (64,79%) en Bordóns; Canelas (92,31%) e Paxariñas (98,48%) en Adina; Montalvo (85,57%) en Arra; e A Lanzada (91,45%) e Montalvo (75,00%) en Noalla.

Finalmente, temos aqueles núcleos neoxénicos xurdidos da planificación desenvolvida nun Plan Parcial que poden tratarse de urbanizacións, como se interpreta dos valores da porcentaxe de vivendas secundarias sobre o total: A Toxa (96,50%), Balea-Marítima (100%), Montemar (100%), Pedras Negras (99,59%) e San Vicente do Mar (98,99%) en O Grove; ou residencial, A Caeira (25,43%) e Boa Vista (22,32%) en Poio, ligadas en gran medida a un proceso de “contraurbanización”, de abandono dos centros urbanos en busca do contacto da natureza. En calquera caso, son froito de actuacións desenvolvidas ó abeiro da Lei de Solo de 1956, mediante un proceso de parcelación e urbanización, alentado por particulares con claro afán de lucro. No seu emprazamento influiron diversos factores humanos e xeográficos destacando pola súa relevancia: a dispoñibilidade do solo a bo prezo (dificultado polo minifundismo dominante dentro da área xeográfica analizada), a accesibilidade e a proximidade de praias ou de espazos de alto valor paisaxístico (urbanizacións de carácter secundario) ou a cidade de Pontevedra (urbanizacións de carácter residencial).

As urbanizacións de carácter secundario, que debido ó carácter temporal da súa poboación merecen o calificativo de entidades de poboación estacional ou vacacional

(*Villoch Vázquez, M^a. P., 1989*), concentráronse de maneira prioritaria a excepción da Illa de A Toxa (San Martiño de O Grove), no sur da parroquia de San Vicente de O Grove aproveitando os baixos prezos do solo existentes (nun primeiro momento) debido á súa mala calidade edáfica para o uso agrario, ás amplas praias e á accesibilidade proporcionada pola estrada Local que bordeando a liña costeira enlaza posteriormente coa C-550.

A actividade turística tamén distorsionou a rede de asentamentos tradicional da marxe norte da Ría de Pontevedra, ó altera-las relacións horizontais que definían a interconexión das áreas de influencia dos núcleos da súa rede urbana como consecuencia dos importantes procesos de neoterciarización que se produciron nos núcleos turísticos, en especial nas vilas de O Grove, Portonovo e Sanxenxo. Rexístrase un incremento da súa dotación funcional de bens e servicios, superior á que correspondería ó seu actual tamaño demográfico, e consecuentemente a súa centralidade. Centralidade que descansa nos distintos asentamentos urbanos no equipamento funcional terciario e na ausencia noutros núcleos (*Berry, B.J.L., 1964; Bird, J.B., 1976; Martellato, D. y Sforzi, F., 1990*), en función dos desprazamentos de poboación que orixina a demanda existente de bens e servicios cara ós puntos en que se localiza a oferta. Pero a centralidade nestes núcleos turísticos está sobrevalorada gran parte do ano, debido á estacionalidade da oferta como resultado do carácter temporal da demanda turística. En definitiva, a cidade de Pontevedra preséntanos como o núcleo urbano de rango superior cunha área de influencia que en determinados servicios especializados abarca todo o espacio xeográfico analizado e provincial, e nun segundo plano estarían as vilas de O Grove, Portonovo e Sanxenxo, como cabeceras municipais e centros de servicios ocio-turísticos cun ámbito de influencia rexional e incluso nacional.

A planificación urbanística actual debe ter en conta a nova estrutura espacial das entidades de poboación para non caer nos mesmos erros que se cometeron con anterioridade. Os procesos de urbanización xeneralizáronse practicamente a todo o espacio xeográfico analizado, sendo por tanto preciso un maior control sobre uns feitos tan difusos no territorio como na súa definición e xestión. A realidade preséntanos actualmente unha gran variedade de problemas derivados dunha inadecuada ordenación territorial: o asentamento diseminado de vivendas unifamiliares fundamentalmente de carácter turístico sen demasiado control e cuns criterios de autorización demasiado xenéricos sen atender á natureza propia do territorio elixido; a existencia de aglomeracións de novas vivendas que carecen de servicios tan fundamentais como a auga e a rede de sumidoiros que intentan paliar de forma individual (fosas sépticas, pozos, ...), cos conseguintes problemas

medioambientais derivados; a tendencia cara á desarticulación da trama tradicional de asentamentos que se nos presenta como a máis óptima e racional, ademais de supoñer en relación con aspectos do folklore ou o tipismo unha importante baza da nosa imaxe turística. Por conseguinte é preciso unha nova planificación que harmonice a defensa dos valores medioambientais e paisaxísticos, as necesidades do turismo e doutros usos igualmente importantes e necesarios para o desenvolvemento económico e social, co fin de evitar que unha asignación inadecuada do uso do solo nos leve a unha degradación maior do contorno paisaxístico que a curto e a medio prazo suporía tamén unha degradación económica.

4.-ANÁLISE DA OFERTA: EQUIPAMENTO TURÍSTICO.

Dentro dos municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra, atendendo ó número de prazas turísticas totais (hoteleiras+residencias secundarias) ocupa o primeiro lugar o municipio de Sanxenxo (29.153 prazas) seguido nesta orde por: Pontevedra (27.946 prazas), O Grove (14.407 prazas), e Poio (9.166 prazas). Polo que respecta ás parroquias, os maiores valores rexístranse nas litorais onde se localizan os principais núcleos urbanos da área estudiada, é dicir: Pontevedra-cidade-(21.438 prazas), Padriñán (13.449 prazas), San Martín de O Grove (9.365 prazas) e Adina (5.492 prazas). A explicación é sinxela, tanto os establecementos hoteleiros como as residencias secundarias buscan coa súa localización o maior grao posible de accesibilidade e de servicios disponibles, condicións que se cumpren por excelencia nos núcleos urbanos.

Para lograr un mellor achegamento á realidade, os datos manexados en canto a número de prazas foron comparados co número de metros de costa e posteriormente co número de metros de praia; reflectíndonos o resultado obtido o número de metros de costa ou de praia disponibles para cada turista potencial (Figuras nº19 e 20). En calquera caso os valores resultantes, co fin de facernos cunha idea máis aproximada do grao de saturación que acada o litoral durante os meses estivais, deberían ser multiplicados por un coeficiente para ter en conta os sectores onde non esta permitido o baño ou de todos os xeitos non é practicado, e o fluxo diario e sobre todo durante dos fins de semana dos meses de verán de excursionistas que veñen a pasa-lo seu tempo de ocio e de espaxamento ás praias deste sector costeiro.




Figura nº19.- Distribución parroquial da oferta turística. Número de prazas turísticas (hostelería+residencias secundarias) por cada cen metros de costa .




Figura n20.- Distribución parroquial da oferta turística. Número de prazas turísticas (hostelería+residencias secundarias) por cada cen metros de praia.

4.1.-ALOXAMENTO HOTELEIRO E EXTRAHOTELEIRO: APARTAMENTOS E CAMPINGS.

En primeiro lugar procedín ó tratamento da información referente á oferta de aloxamentos mediante a aplicación a nivel parroquial da Taxa de Función Hoteleira (T.F.H.) e a Taxa de Función Turística (T.F.T.). Ambas veñen ser basicamente o mesmo, salvo que na última tamén incluo datos referentes á oferta de apartamentos e campings, pois miden a relación entre o número de prazas disponibles e a poboación residente. Finalmente, para dar unha medida moito máis expresiva do impacto espacial das actividades turísticas na área xeográfica analizada, apliquei unha variante do último índice: a Taxa de Función Turística por superficie buscada (T.F.Ts), que ten presente a dimensión espacial (Figuras nº21, 22 e 23).




Figura nº21.- Tasa de Función Hoteleira (T.F.H.) a nivel parroquial nos municipios da marxe norte da ría de Pontevedra.




Figura nº22.- Tasa de Función Turística (T.F.T.) a nivel parroquial nos municipios da marxe norte da ría de Pontevedra.




Figura nº23.- Tasa de Función Turística por superficie buscada (T.F.Ts.) a nivel parroquial nos municipios da marxe norte da ría de Pontevedra.

En función desta aplicación, podemos establecer que os municipios da marxe norte da Ría de Pontevedra, especialmente Sanxenxo e O Grove, desempeñan un destacable papel dentro da provincia e de Galicia en canto ó volume da súa oferta de prazas hoteleiras e extrahoteleiras. Sendo tamén dentro destes territorios, as parroquias litorais que contan coas

mellores praias, as vías de comunicación máis frecuentadas (C-550) e coa presenza dun núcleo urbano, as mellor dotadas en equipamento hoteleiro e extrahoteleiro (apartamentos e campings).

A marxe norte da Ría de Pontevedra, no contexto non só provincial senón tamén galego, ocupa un lugar privilexiado tanto polo número de establecementos como polo número de habitacións e prazas. Reunindo en 1994 o 31,89% e 11,14% das instalacións de acollida de visitantes e o 39,77% e 17,25% das prazas da oferta hosteleira da provincia e de Galicia respectivamente.

O municipio de Sanxenxo ocupa o primeiro lugar dentro dos da provincia de Pontevedra en volume da súa oferta hoteleira e extrahoteleira, co 15,19% e 5,31% dos establecementos e o 21,56% e 9,35% das prazas da provincia e de Galicia respectivamente. O resto dos concellos séguenlle por esta orde: O Grove co 6,54% e 2,29% dos establecementos e o 10,73% e 4,66% das prazas; Poio co 4,09% e 1,43% dos establecementos e o 4,06% e 1,76% das prazas; e Pontevedra 6,07% e 2,12% dos establecementos e o 3,12% e 1,48% das prazas da provincia e de Galicia respectivamente. E isto apesar de que os datos non reflexan exactamente a realidade, dada a gran importancia que acadan os establecementos “clandestinos” (casas particulares, aluguer de pisos e apartamentos, ...), fundamentalmente nos municipios de O Grove e Sanxenxo, que por non estar declarados oficialmente non figuran nas estatísticas, o cal enmascara non só a verdadeira situación da oferta de prazas senón sobre todo o seu grao de ocupación.

A nivel parroquial destacan pola súa capacidade: San Martiño de O Grove (40 establecementos e 2.149 prazas, 53,21% prazas de O Grove); San Xoan de Poio (8 establecementos e 718 prazas, 47,45% prazas de Poio); Pontevedra-cidade- (45 establecementos e 1.122 prazas, 87,25% do municipio de Pontevedra); e Adina (31 establecementos e 2.036 prazas, 25,09% de Sanxenxo), Noalla (35 establecementos e 2.609 prazas, 32,16% de Sanxenxo) e Padriñán (29 establecementos e 1.401 prazas, 17,27% prazas de Sanxenxo) en Sanxenxo. En liñas xerais, son as parroquias que presentan un maior grao de accesibilidade en función das súas comunicacións, dispoñen de boas praias e engloban a un núcleo urbano.

Os establecementos existentes dentro da área xeográfica analizada responden a tipoloxías diferentes. Unha primeira aproximación lévanos a distinguir entre o que é a oferta hoteleira e a oferta extrahoteleira, a correspondente a apartamentos e a campings.

Centrándonos na oferta hoteleira (Cadros nº3, 4, 5 e 6), a marxe norte da Ría de Pontevedra, reúne o 31,01% e 10,60% das instalacións, e o 43,09% e 18,08% das prazas hoteleiras da provincia de Pontevedra e de Galicia respectivamente. Entre os municipios, destacan Sanxenxo (14,07% e 4,85 % dos establecementos, e o 21,35% e 8,95% das prazas da provincia de Pontevedra e de Galicia respectivamente) e O Grove (6,23% e 2,15% dos establecementos, e o 10,31% e 4,33% das prazas da provincia de Pontevedra e de Galicia respectivamente) que ocupan o primeiro e segundo lugar pola súa capacidade hoteleira en Pontevedra. Son seguidos a continuación polo municipio de Vigo (8,72% e 3,01% dos establecementos, e o 9,21% e 3,86% das prazas da provincia de Pontevedra e de Galicia respectivamente), detrás do cal se topan inmediatamente os dous restantes estudados: Poio (4,23% e 1,46 % dos establecementos, e o 6,13% e 2,57% das prazas da provincia de Pontevedra e de Galicia respectivamente) e Pontevedra (6,48% e 2,23 % dos establecementos, e o 5,30% e 2,22% das prazas da provincia de Pontevedra e de Galicia respectivamente).

Parroquias	Número establecementos	Número Cuartos	Número prazas	% prazas sobre o total municipio
San Martín	40	1.191	2.149	85,92
San Vicente	10	176	352	14,08
O Grove	50	1.367	2.501	100

Cadro nº3.- Distribución espacial da oferta hoteleira en función das parroquias en O Grove (1994). Elaboración propia. Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.

Parroquias	Número establecementos	Número Cuartos	Número prazas	% prazas sobre o total municipio
Combarro	8	72	129	8,67
San Salvador	12	131	278	18,70
San Xoán	8	426	718	48,28
Raxó	3	96	158	10,63
Samieira	3	114	204	13,72
Poio	34	839	1.487	100

Cadro nº4.- Distribución espacial da oferta hoteleira en función das parroquias en Poio (1994). Elaboración propia. Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.

Parroquias	Número establecimientos	Número Cuartos	Número prazas	% prazas sobre o total municipio
Alba	2	31	55	4,28
Cerponzóns	1	7	14	1,09
Lourizán	2	11	19	1,48
Mourente	1	20	38	2,95
Salcedo	1	19	38	2,95
Pontevedra-Cid.-	45	638	1.112	87,25
Pontevedra	52	726	1.286	100

Cadro nº5.- Distribución espacial da oferta hoteleira en función das parroquias en Pontevedra (1994). Elaboración propia. Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.

Parroquias	Número establecimientos	Número Cuartos	Número prazas	% prazas sobre o total municipio
Adina	26	641	1.200	23,17
Arra	4	78	147	2,84
Bordóns	2	11	22	0,43
Dorrón	14	199	360	6,95
Gondar	4	268	495	9,56
Noalla	29	630	1.119	21,65
Padriñán	26	672	1.242	23,99
Vilalonga	8	354	593	11,45
Sanxenxo	113	2.853	5.178	100

Cadro nº6.- Distribución espacial da oferta hoteleira en función das parroquias en Sanxenxo (1994). Elaboración propia. Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.

Entre as parroquias sobresaen: San Martiño de O Grove (40 establecimientos e 2149 prazas, 85,92% prazas de O Grove); San Xoan de Poio (8 establecimientos e 718 prazas, 48,28% prazas de Poio); Pontevedra-cidade- (45 establecimientos e 1.122 prazas, 87,25% prazas de Pontevedra); Adina (26 establecimientos e 1.200 prazas, 23,17% prazas de

Sanxenxo), Noalla (29 establecementos e 1.119 prazas, 21,61% prazas de Sanxenxo) e Padriñán (26 establecementos e 1.242 prazas, 23,99% prazas de Sanxenxo).

Polo que fai referencia á oferta extrahoteleira, apartamentos e campings, as súas pautas locacionais son as seguintes:

- Os grupos de apartamentos son un total de sete o que ven a supoñer o 41,18% e 24,14% dos existentes na provincia de Pontevedra e Galicia respectivamente. Por outra parte as prazas ofertadas nos mesmos son 276 , é dici-lo 31,58% e 14,02% das existentes na provincia e na Comunidade Autónoma. Unicamente dous municipios dos estudados contan con ditos establecementos (Cadro nº7): son os casos de Poio cun establecemento e 39 prazas (4,46% e 1,98% prazas da provincia de Pontevedra e de Galicia respectivamente) e Sanxenxo que cos seus seis establecementos e 237 prazas (27,11% e 12,04% prazas da provincia de Pontevedra e de Galicia respectivamente) ocupa o primeiro lugar dos municipios da provincia en canto a establecementos e a número de prazas. Esta oferta concéntrase en catro parroquias: Raxó (100% prazas de Poio) en Poio; e Adina (24,47% prazas de Sanxenxo), Noalla (8,44% prazas de Sanxenxo) e Padriñán (67,09% prazas de Sanxenxo) en Sanxenxo. Do que deducimos que os grupos de apartamentos seguen unha distribución espacial semellante á das prazas hoteleiras; é dicir, procuran accesibilidade, cercanía das praias e a instalación en núcleos urbanos para aproveitarse das súas dotacións infraestruturais e equipamentos en servizos comerciais, de ocio, culturais, ...
- Os campings, pola súa banda, son un total de 17 que representan o 47,22% e 33,90% dos establecementos da provincia e de Galicia respectivamente. Distribuídos unicamente entre os municipios de Sanxenxo e O Grove que ocupan o primeiro e segundo lugar en canto a número de establecementos e de prazas dentro da provincia de Pontevedra (Cadros nº8 e 9). O Grove presenta 6 campings localizados na parroquia de San Vicente, cun total de 1.538 prazas que supoñen o 12,31% e 5,71% das prazas de Pontevedra e Galicia respectivamente. Mentres en Sanxenxo (Gráficas nº31-32) localízanse 11 campings cun total de 2.698 prazas, que equivalen ó 21,59% e 10,01% das prazas da provincia de Pontevedra e de Galicia respectivamente. Estes establecementos turísticos distribúense entre aquelas parroquias que posúen as mellores praias do municipio de Sanxenxo: Adina con 2 establecementos e 758 prazas (28,09% prazas de Sanxenxo) localizados nas proximidades de Paxariñas e Canelas; Arra, con 2 establecementos e 338 prazas (12,53% prazas de Sanxenxo) localizados na praia de Montalvo; Dorrón con 1 establecemento e 112 prazas (4,15% prazas de Sanxenxo); e Noalla con 6

establecementos e 1.490 prazas (55,23% prazas de Sanxenxo), tres dos cales se localizan na proximidade inmediata das praias de Maxor, Foxos e A Lanzada. Por tanto, podemos concluir do apuntado anteriormente que son os municipios de O Grove e Sanxenxo, os mellor dotados dende o punto de vista do turismo de sol e praia, os que concentran a oferta de campings; establecementos turísticos que buscan os sectores mellor destacados en canto a praias, procurando combina-los areas cun contorno arborado (Figura nº24).

Parroquia	Número establ.	Número apart.	Número prazas	% prazas sobre
Raxó	1	9	39	100
POIO	1	9	39	100
Adina	2	8	58	24,47
Noalla	1	4	20	8,44
Padriñán	3	83	159	67,09
SANXENXO	6	95	237	100

**Cadro nº7.- Distribución parroquial da oferta de apartamentos en Poio e Sanxenxo (1994).
Elaboración propia. Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.**

Denominación	Localización	Categoría	Número prazas
Espiño	San Vicente do Mar	1º	240
Moreiras	Reboredo	2º	334
A Muñeira	A Lanzada	2º	130
Miami Playa	O Espiño	2º	204
Solymar	Balea	2º	258
Siglo XXI	A Barrosa	1º	372

**Cadro nº8.- Localización dos campings no municipio de O Grove (1994). Elaboración propia.
Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.**

Denominación	Localización	Categoría	Número prazas
Paxariña	Paxariñas (Adina)	2º	604
Playa Canelas	Canelas (Adina)	2º	154
Montalvo Playa	Montalvo (Arra)	2º	120
Rías Baixas	Montalvo (Arra)	2º	218
Airiños do Mar	Areas (Dorrón)	3º	112
Cachadelas	Major (Noalla)	1º	654
A Lanzada	A Lanzada (Noalla)	3º	204
Preguntoiro	Monte Cabo (Noalla)	2º	159
Monte Cabo	Punta Faxilda (Noalla)	2º	135
O Revo-Salinas	Revolta (Noalla)	2º	179
Punta Faxilde	Soutullo (Noalla)	3º	159

Cuadro nº9.- Localización dos campings no municipio de Sanxenxo (1994). Elaboración propia.

Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.



Figura nº24.- Localización espacial da oferta extrahoteleira de campings.

A análise de calidade da oferta hoteleira ímolo a realizar atendendo, en primeiro lugar, á clase e, en segundo termo, á categoría dos establecementos (Cadros nº10, 11, 12 e 13). Centrándose na estruturación da oferta segundo a clase, dos 249 establecementos existentes no espazo xeográfico estudado, temos que o 28,11% son hoteis, nas súas diferentes categorías, que ofertan o 49,31% das prazas disponibles. A nivel municipal, é Sanxenxo o que presenta un maior número (45 en total) que supoñen o 39,82% e o 63,65%

dos establecementos e das prazas hosteleiras do municipio. O Grove (16 establecementos), Poio (6 establecementos) e Pontevedra (3 establecementos) concentran tamén nos seus hoteis boa parte das súas prazas ofertadas: 48,98%, 24,01% e 21,46%, respectivamente. Nun segundo nivel en canto a número de instalacións (un total de 31) están os hoteis-residencia, os hostais e os hostais-residencia cun 12,45% da oferta. Destacando por orde importancia: a oferta dos hoteis-residencia (18,63% prazas), hostais (13,87% prazas) e hostais-residencia (8,04% prazas). No que respecta á súa importancia dentro dos municipios estudados, estas distintas clases de establecementos hosteleiros presentan desigual significación:

- O maior número de hoteis-residencia localízase en Sanxenxo con 12 (10,62% dos establecementos municipais), seguido por Poio (8 establecementos, 27,18% dos establecementos municipais), O Grove (7 establecementos, 14,00% dos municipais) e Pontevedra (4 establecementos, 7,69% dos municipais). En cambio onde representan un maior volume das prazas municipais é en Poio (30,86%). Se en Pontevedra as prazas disponibles en hoteis-residencia (28,46%) son as máis numerosas dentro da oferta hoteleira municipal, en O Grove (24,15%) e Sanxenxo (10,02%), as prazas ofertadas sen se-las máis numerosas constitúen unha parte importante da súa oferta hoteleira.
- O municipio de Sanxenxo é tamén o que presenta maior número de hostais con 18 establecementos (15,93% dos municipais), polo seu lado os outros municipios contan con: O Grove (7 establecementos, 14% dos municipais), Poio (3 establecementos, 8,82% dos municipais) e Pontevedra (3 establecementos, 5,77% dos municipais). No municipio de Poio as prazas disponibles en hostais supoñen a porcentaxe máis elevada dentro da súa oferta hoteleira (33,15%), feito determinado en gran parte polo funcionamento do Mosteiro de San Xoán de Poio como Hostal * coas súas 277 prazas (56,17% prazas disponibles de hostais municipais). Nos demais municipios as prazas disponibles en hostais representan porcentaxes máis modestas: Sanxenxo (12,64% prazas municipais), O Grove (8,56%) e Pontevedra (6,84%).
- Dentro dos hostais-residencia volve ser Sanxenxo o territorio con maior número de establecementos (15 en total e 13,27%), contando os restantes municipios estudados cunha dotación bastante inferior: O Grove (7 e 14,00% dos municipais), Poio (4 e 11,77% respectivamente) e Pontevedra (5 e 9,62% respectivamente). En cambio, en O Grove (9,63% prazas municipais) é onde as prazas en hostais-residencia teñen máis peso dentro da oferta total, seguido de cerca por Pontevedra (9,49% prazas municipais) e Sanxenxo (8,23% prazas municipais), mentres en Poio representan unhas porcentaxes máis modestas (3,50% prazas municipais).

- Finalmente, menor significación teñen as casas de hóspedes e fondas existentes dentro da marxe norte da Ría de Pontevedra, pois aínda que concentran o 24,50% e 10,04% dos establecementos respectivamente só veñen a supoñe-lo 6,83% e 3,32% das prazas hoteleiras disponibles. As casas de hóspedes (CH) e as fondas acadan unha relevancia especial dentro da oferta do municipio de Pontevedra onde ocupan polo seu número o primeiro (27 establecementos) e segundo lugar (10 establecementos) dentro das distintas clases de establecementos hoteleiros, supoñendo o 51,92% e o 19,23% dos establecementos e o 24,81% e 8,94% das prazas disponibles respectivamente dentro da oferta hoteleira municipal. Nos restantes municipios analizados a súa importancia é moito máis modesta: O Grove (3,08% e 5,60%), Poio (7,80% e 0,74%) e Sanxenxo (3,90% e 1,56%). A explicación reside en que as casas de hóspedes e fondas preséntanse como unha clase de oferta claramente urbana, pois necesita ante as súas escasas prestacións dunha oferta de servicios complementaria o máis próxima posible.

Tipo de Establecemento	Categoría	Número total	Número total Cuartos	Número total prazas	%prazas sobre total
Hotel	*	6	191	364	14,03
Hotel	**	7	232	392	15,67
Hotel	***	2	63	105	4,20
Hotel	*****	1	198	377	15,07
H.Rs	*	3	87	160	6,40
H.Rs	***	3	95	224	8,95
H.Rs	****	1	116	220	8,80
Hostal	*	5	75	138	5,52
Hostal	**	2	38	76	3,04
HsRs	*	3	83	127	5,08
HsRs	**	4	61	114	4,56
CH	-	6	47	77	3,08
Fonda	-	7	81	140	5,60
Total	-	50	1.367	2.501	100

Cadro nº10.- Distribución dos hospedaxes autorizados en O Grove segundo a súa clase e categoría (1994). Elaboración propia.

Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.

Tipo de Establecimiento	Categoría	Número total	Número total Cuartos	Número total prazas	%prazas sobre total
Hotel	*	3	119	196	13,18
Hotel	**	3	85	161	10,83
H.Rs	*	7	178	375	25,22
H.Rs	***	1	50	83	5,58
Hostal	*	3	304	493	33,15
HsRs	*	4	27	52	3,50
CH	-	12	69	116	7,80
Fonda	-	1	7	11	0,74
Total	-	34	839	1.487	100

Cadro nº11.- Distribución dos hospedaxes autorizados en Poio segundo a súa clase e categoría (1994). Elaboración propia.

Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.

Tipo de Establecimiento	Categoría	Número total	Número total Cuartos	Número total prazas	%prazas sobre total
Hotel	*	2	69	116	9,02
Hotel	****	1	85	160	12,44
H.Rs	*	2	44	80	6,22
H.Rs	***	2	153	286	22,24
Hostal	*	3	50	88	6,84
HsRs	*	3	32	54	4,20
HsRs	**	2	36	68	5,29
CH	-	27	182	319	24,81
Fonda	-	10	75	115	8,94
Total (1)	-	52	726	1.286	100

Cadro nº12.- Distribución dos hospedaxes autorizados en Pontevedra segundo a súa clase e categoría (1994). Elaboración propia.

Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.

*(1) Engadir Parador Nacional "Casa del Barón"- H.*** (96 prazas).*

Tipo de Establecimiento	Categoría	Número total	Número total Cuartos	Número total prazas	%prazas sobre total
Hotel	*	23	738	1.334	25,76
Hotel	**	14	598	1.046	20,20
Hotel	***	7	456	827	15,97
Hotel	****	1	47	89	1,72
H.Rs	*	7	134	249	4,81
H.Rs	**	5	148	270	5,21
Hostal	*	9	131	239	4,62
Hostal	**	9	203	415	8,02
HsRs	*	7	90	174	3,36
HsRs	**	8	145	252	4,87
CH	-	16	114	202	3,90
Fonda	-	7	49	81	1,56
Total	-	113	2.853	5.178	100

Cadro nº13.- Distribución dos hospedaxes autorizados en Sanxenxo segundo a súa clase e categoría (1994). Elaboración propia.

Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.

A análise da calidade da oferta hoteleira no espacio xeográfico estudado lévanos a concluir: en primeiro lugar, a disponibilidad de prazas nas diferentes categorías é variada o que permite atender a sectores da demanda de distinto poder adquisitivo; en segundo termo, destaca a grande importancia non só a nivel provincial senón tamén a nivel galego que acada a oferta de prazas de calidade, en relación coa presenza do Gran Hotel de A Toxa (San Martiño de O Grove) un dos tres de cinco estrelas existentes en Galicia (49,67% das prazas), xerador no seu contorno dunha urbanización de gran calidade. En definitiva, a oferta de prazas para persoas de alto poder adquisitivo, incluíndo como tales as de catro e cinco estrelas, supón o 8,08% das prazas da marxe norte da Ría de Pontevedra. Situación que oculta importantes diferencias entre os municipios analizados, pois en Poio carécese de prazas nestas dúas categorías e, en cambio, en O Grove representan unha alta porcentaxe das prazas ofertadas (24,47% do total), o que nos pode permitir falar dunha importante orientación cara a este sector da demanda. Oferta de alta calidade, que se concentra exclusivamente no CITN da Illa de A Toxa. Os municipios de Pontevedra (12,44% prazas municipais) e Sanxenxo (1,72% prazas municipais), pola súa parte, tópanse nunha situación

intermedia con respecto ós municipios anteriores. Agora ben, a importancia desta oferta de prazas de alta categoría nos catro territorios é menor en realidade ante o importante número de prazas disponibles non legalizadas, que son de menor calidade e diríxense a sectores da demanda de escaso poder adquisitivo. As prazas disponibles de tres estrelas, para turistas cun poder adquisitivo medio-alto, representan o 14,57% do total nos catro municipios analizados. Entre eles, os valores máis altos lógranse en Pontevedra (22,24% prazas municipais) e a porcentaxe máis baixa rexístrase en Poio (5,58%), quedando nunha situación intermedia Sanxenxo (15,97%) e O Grove (13,25%). A oferta de prazas para o sector da demanda cun poder adquisitivo medio-baixo, dúas e unha estrela, supón o compoñente maioritario dentro da oferta da área xeográfica estudada (67,21% prazas). Tamén constitúe a parte esencial da oferta nos municipios de O Grove (54,30%), Poio (85,88%) e Sanxenxo (76,85%). A única excepción localízase no municipio de Pontevedra (31,57% prazas), que presenta unha orientación predominante cara á oferta destinada á xente cun poder adquisitivo baixo, casas de hóspedes e fondas, cun 33,75% prazas disponibles, mentres no conxunto da marxe norte da Ría de Pontevedra (10,14% prazas) e nos restantes municipios desempeñan un papel secundario ou marxinal: Poio (8,54% prazas municipais), O Grove (8,68% prazas) e Sanxenxo (5,46%).

Do apuntado anteriormente, cabe sinalar que a marxe norte da Ría de Pontevedra presenta unha oferta hoteleira dunha calidade predominantemente baixa, máis aínda se temos en conta a oferta somerxida. Sen embargo, isto non é óbice para admitir a existencia dunha destacable oferta moi cualificada dentro do contexto provincial e galego, especialmente no caso do municipio de O Grove. No cal é de reseña-lo protagonismo da Illa de A Toxa, como un enclave de turismo de alta calidade, de luxo estruturado en torno a dous hoteis: o Gran Hotel (5 estrelas e 377 prazas) e o H.RS. Louxo (4 estrelas e 220 prazas) cun total de 597 prazas, complementadas por unhas amplas dotacións en equipamento deportivo (campo de golf, piscina, pista de tenis, campo de tiro de pichón, ...) como doutro tipo (balneario, casino, salón de congresos, ...).

No referente á análise da calidade da oferta extrahoteleira, topámonos co seguinte:

- Os grupos de apartamentos presentan un destacado predominio das prazas ofertadas dentro da categoría máis baixa (1 Chave), con catro bloques e o 44,20% das prazas. Oferta complementada por dous establecementos de categoría intermedia (2 Chaves) e co 17,39% das prazas, e un establecemento do máximo luxo (3 Chaves) que concentra ó 38,41% das prazas disponibles. A pesar de contar cunha oferta diversificada na súa calidade, a mesma móstrase como insuficiente polo seu escaso número de prazas, 276

para toda a marxe norte da Ría de Pontevedra. En canto á súa distribución municipal e parroquial, concéntrase exclusivamente nos municipios de Sanxenxo e Poio, aínda que neste último a súa presenza non deixa de ser testemuñal (1 establecemento e 39 prazas, en Raxó). Dentro de Sanxenxo, a parroquia de Padriñán absorbe a oferta de maior calidade (1 bloque de apartamentos de 3 Chaves e 106 prazas) e gran parte da menos cualificada, con: 2 establecementos de 1 Chave e 53 prazas en total, que equivalen ó 63,86% e 43,44% prazas desta categoría do municipio e da marxe norte da Ría de Pontevedra.

- Os campings (Cadros nº8 e 9), pola súa banda, reflexan unha estrutura marcada pola preponderancia das prazas de 2ª Categoría, 11 instalacións co 58,90% das prazas do ámbito xeográfico analizado. Aínda que non existe ningún establecemento coa calificación de luxo, está carencia non pode facernos obviar que estamos ante unha oferta bastante diversificada: 4 establecementos de 3ª Categoría co 16,88% das prazas, e 2 de 1ª Categoría co 24,22% das prazas dentro da marxe norte da Ría de Pontevedra. Atendendo á distribución da calidade da oferta a nivel municipal e parroquial, temos que sinalar que O Grove presenta campings localizados exclusivamente na parroquia de San Vicente, adscritos ás tres categorías apuntadas, distribuíndose as prazas na seguinte proporción: 1ª Categoría (24,19% prazas), 2ª Categoría (60,21% prazas) e 3ª Categoría (15,60% prazas). Sanxenxo posúe tamén instalacións das tres categorías mencionadas e unha distribución de prazas moi similar: 1ª Categoría (24,24% prazas), 2ª Categoría (58,15% prazas) e 3ª Categoría (17,61% prazas). A nivel parroquial, no municipio de Sanxenxo, as parroquias de Adina, Arra e Dorrón presentan exclusivamente establecementos de 2ª Categoría; sendo a parroquia de Noalla a que se asocia a unha oferta máis diversificada con: 2 campings de 3ª Categoría e con 363 prazas (76,42% e 50,77% prazas 3ª Categoría do municipio e da marxe norte da Ría de Pontevedra respectivamente), 3 campings de 2ª Categoría e 473 prazas (30,15% e 18,46% prazas 3ª Categoría do municipio e da marxe norte da Ría de Pontevedra respectivamente) e 1 camping de 1ª Categoría e con 654 prazas (100% e 63,74% prazas 3ª Categoría do municipio e da marxe norte da Ría de Pontevedra respectivamente). En conclusión, a oferta de campings na área xeográfica analizada resulta dende o punto de vista da calidade bastante diversificada, se ben se pode apuntar unha especialización cara a un segmento de demanda de poder adquisitivo medio-baixo.

O equipamento tanto hoteleiro como extrahoteleiro móstrase sobredimensionado durante gran parte do ano, en clara conexión co feito de que éste se conformou como unha

oferta de turismo de sol e praia; é dicir, para atender á sobredemanda que se produce durante os meses estivais. Esta situación desemboca durante o resto do ano, ante un mercado máis escaso, nunha maior competencia dentro da oferta turística repercutindo nunha baixada xeral dos prezos e no caso de que tales prezos non sexan rendibles para o empresario no seu peche durante parte do ano. Estacionalidade que se presenta como un dos graves problemas actuais do sector turístico, en tanto que significa equipamento infrautilizado cuns costes fixos que só se cobren cos ingresos duns meses determinados. Ademais repercute sobre a temporalidade do emprego turístico e na existencia dunha A.T.P. dentro do sector agrario. Ante esta problemática faise preciso propiciar dende as administracións competentes e o sector empresarial turístico a ampliación da estación receptiva e a nivelación da curva de demanda turística durante o ano; mediante a creación de ofertas complementarias, a captación de sectores de demanda “off season”, atemporal (xubilados, congresos de diverso tipo, ...) ...

A importancia deste problema levoume a considera-la análise da estacionalidade da oferta turística legalizada (hoteleira e extrahoteleira) dentro da marxe norte da Ría de Pontevedra. Para o cal utilicei como fonte esencial os datos recollidos na Guía de Aloxamentos Turísticos de Pontevedra 1994 (Turgalicia), informacións que foron contrastadas mediante a observación directa do traballo de campo (Cadro nº14). No conxunto do ámbito xeográfico analizado, a porcentaxe de establecementos turísticos (hoteis+ apartamentos +campings) que permanecen abertos todo o ano é un 39,04%, o que ven supoñe-lo 42,71% das prazas disponibles, mentres abren unicamente durante a tempada alta (meses de xullo e agosto) o 1,07% dos establecementos o que supón o 0,44% das prazas. Cifras que nos ocultan claras diverxencias entre os distintos municipios estudados, pois se ben en Pontevedra a totalidade dos establecementos permanece aberto ó longo do ano non ocorre o mesmo nos demais municipios, destacando especialmente o caso de Sanxenxo, no cal só o 17,16% dos seus establecementos o que vén a significa-lo 17,14% das prazas abre durante todo o ano. As porcentaxes máis elevadas de establecementos abertos exclusivamente durante a tempada alta, topámoslos en cambio en O Grove (2,33% establecementos e 1,17% prazas) e Poio (4,55% establecementos e 1,14% prazas). A explicación destas diferencias está na existencia dunha demanda máis diversificada e non unicamente de sol e praia no municipio de Pontevedra, en conexión coas súas importantes funcións rectoras a nivel provincial; mentres a maior estacionalidade da oferta de Sanxenxo e por extensión de O Grove (51,16% establecementos e 33,77% prazas abren todo o ano) débese a súa dependencia dunha demanda esencialmente do verán.

Oferta	O GROVE		POIO		PONTEVEDRA		SANXENXO		M. N. Ría Pont.	
	% estab.	% praz.	% estab.	% praz.	% estab.	% praz.	% estab.	% praz.	% estab.	% praz.
Todo o ano	51,56	33,97	77,27	89,71	100	100	17,76	17,14	39,04	42,21
Tempada alta	2,33	1,17	4,55	1,14	-	-	-	-	1,07	0,44
Tempada med e alta	46,51	65,06	18,18	9,15	-	-	82,24	82,86	59,89	56,85

Cadro nº14.- Estructuración da oferta turística de aloxamentos segundo a súa temporalidade (1994). Elaboración propia.

Fonte: "Guía de aloxamentos turísticos de Galicia". Turgalicia. Xunta de Galicia.

4.2.-AS RESIDENCIAS SECUNDARIAS

As residencias secundarias son sen ningún tipo de dúbida o elemento da nova paisaxe rural que mellor define e particulariza o proceso de produción de espazos de ocio dentro da marxe norte da ría de Pontevedra. A expansión do uso residencial do solo, das residencias secundarias, ten unha clara proxección espacial nas modificacións acontecidas na organización do territorio analizado (retroceso superficie agraria, “barbeito social”, ...). Este proceso de proliferación de residencias secundarias na área xeográfica de estudio plasmouse: por un lado, nun proceso de diseminación das mesmas polo contorno rural, de rururbanización que foi calificado como “urbanización do campo” (*Ortega Valcárcel, J., 1975*) ou, por outro, das urbanizacións de carácter secundario en enclaves determinados. Esta ocupación do solo, por residencias de funcionalidade non agraria e cun carácter temporal, deu lugar a novas formas de poboamento.

A análise das porcentaxes de vivendas secundarias sobre o número total de vivendas en 1991 (considero como vivendas secundarias as incluídas no Nomenclátor de 1991 como “non principais”), permítenos individualiza-los sectores máis afectados pola proliferación deste fenómeno. A porcentaxe máis elevada a nivel municipal preséntana Sanxenxo (58,54%), seguido de cerca por O Grove (46,63%) e xa máis distanciados tópanse Poio (36,83%) e Pontevedra (25,33 %).

Atendendo ó nivel parroquial (Figura nº25), vemos que os territorios que presentan os valores máis elevados dentro dos municipios analizados son os litorais: San Vicente de

O Grove (73,68%), Raxó (60,33%) en Poio; e Arra (73,15%) e Padriñán (79,84%) en Sanxenxo. A única excepción témola no municipio de Pontevedra, que presenta os seus rexistros máis elevados nas parroquias do interior rural: Bora (36,25%), Canicouva (37,10%) e Pontesampaio (30,94%) ben comunicadas coa cidade de Pontevedra, poboación que xera unha crecente demanda de vivendas secundarias para fins de semana ou períodos vacacionais na súa orla inmediata. Por suposto, son os territorios rurais do interior os que presentan as porcentaxes máis baixas ou aqueles espacios cun importante desenvolvemento cara o interior: San Xoán de Poio (24,98%); Alba (12,20%), Verducido (6,11%), Campañó (18,66%), Lárez (19,12%), Santa María de Xeve (15,04%), ... en Pontevedra; e Gondar (31,60%), Nantes (20,19%) e Vilalonga (23,50%) en Sanxenxo. En conclusión, podemos afirmar que nos municipios de O Grove e Sanxenxo é onde máis peso teñen as vivendas secundarias, en clara conexión coa súa maior vocación turística e as súas mellores condicións cara o desenvolvemento do tipo de turismo dominante de sol e praia. Igualmente, son as parroquias litorais mellor dotadas destes dous municipios as que rexistran os valores máis elevados, nalgúns dos cales se sobrepasa amplamente o número das vivendas principais. É o caso concreto das parroquias de San Vicente de O Grove e Arra en Sanxenxo, que presentan unhas condicións naturais (solos areentos, frechas de area, praias, disposición cara os ventos dominantes nos meses centrais do inverno, ...) desfavorables ó poboamento tradicional pero que atraen na actualidade a ubicación das residencias secundarias.




Figura nº25.- Distribución parroquial da oferta turística residencial. Porcentaxe de vivendas secundarias sobre o número total de vivendas en 1991.
Fonte: Nomenclator de 1991.

A aplicación da Taxa de Función Residencial (T.F.R.= nº de vivendas secundarias X 100 / nº de vivendas principais) en 1991, presenta unha situación similar á descrita anteriormente (Figura nº26):

- Os municipios de Sanxenxo (TFR=141,17) e O Grove (TFR=87,36), son por esta orde os que presentan os valores máis elevados. Pola contra o máis baixo, como era lóxico, localízase en Pontevedra (TFR=33,93) en conexión coa importancia da súa poboación urbana.
- As parroquias litorais son as que reflicten os valores máis altos (Figura nº15): San Vicente de O Grove (TFR=278,45), Raxó (TFR=152,11) en Poio; Arra (TFR=272,46) e Padriñán (TFR=397,36). A excepción constitúea o municipio de Pontevedra, que presenta as porcentaxes máis elevadas en parroquias do interior rural: Bora (TFR=56,85), Canicouva (TFR=58,97) e Pontesampaio (TFR=44,81) territorios que perderon importantes efectivos ou no seu defecto coñeceron un escaso incremento de poboación. Pois a menor TFR da cidade de Pontevedra (TFR=36,18) débese ó importante crecemento demográfico rexistrado que reduce o peso relativo da residencia secundaria.
- As parroquias rurais ou litorais pero cun importante desenvolvemento cara ó interior rural, son as que ofrecen os valores máis baixos: San Xoan de Poio (TFR=33,30); Alba (TFR=13,90), Verducido (TFR=6,57), Santa María de Xeve (TFR=17,70) , ... en Pontevedra; e Gondar (TFR=46,20), Nantes (TFR=25,30) e Vilalonga (TFR=30,72) en Sanxenxo.

Por tanto, a aplicación da TFR ven confirma-la importancia que ten o turismo residencial nos municipios de O Grove e Sanxenxo, e especialmente nas parroquias litorais do sur municipal (San Vicente de O Grove, Arra, ...). Destacan sobre todas a parroquia de Padriñán polo importantísimo papel que xoga a vila de Sanxenxo como centro turístico veranego cunha importante oferta hoteleira pero sobre todo de casas e pisos de aluguer.




Figura nº26.- Distribución parroquial da oferta turística residencial. Tasa de Función Residencial (T.F.R.) en 1991. Fonte: Nomenclator de 1991.

Finalmente, a análise do número de vivendas secundarias por cada cen metros de costa e por cada cen metros de praia, fai posible aproximarnos á situación de saturación na que se topa o litoral e as praias respecto a un “turismo residencial” de clara orientación balneotrópica (Figuras nº27 e 28).




Figura nº27.- Distribución parroquial da oferta turística residencial. Número de residencias secundarias por cada cen metros de costa en 1991. Fonte: Nomenclator de 1991.




Figura nº28.- Distribución parroquial da oferta turística residencial. Número de residencias secundarias por cada cen metros de praia en 1991. Fonte: Nomenclator de 1991.

Da interpretación dos resultados obtidos pola aplicación dos índices cuantitativos, podemos concluí-las seguintes aseveracións:

- O fenómeno das residencias secundarias acada maior relevancia naqueles municipios mellor dotados para a práctica do turismo de sol e praia dende o punto de vista dos seus condicionantes xeonaturais, é dicir, Sanxenxo e O Grove.
- As parroquias que contan con maior equipamento residencial son aquelas que, por unha banda, posúen as mellores praias e as paraxes naturais de maior valor estético: San Vicente de O Grove, Arra, Noalla, ... favorecidas ademais, por tratarse de solo barato ó se-lo menos apto para a agricultura, converténdose desde os anos setenta nas áreas máis apetecibles e menos onerosas para os promotores. Estas causas son as que explican a ubicación das urbanizacións de residencias secundarias na parroquia de San Vicente de O Grove. Por outra banda, as parroquias que engloban a un núcleo urbano: San Martiño de O Grove, Padriñán e Pontevedra, polo poder de atracción que exercen sobre as residencias secundarias os equipamentos de servizos de que están dotados os seus centros cidadáns. As residencias secundarias buscan na súa ubicación a proximidade dunha oferta comercial hoteleira e de servizos en xeral.
- As parroquias rurais do interior dos municipios do ámbito xeográfico analizado son as que contabilizan o menor número de residencias secundarias (Nantes, Alba, Verducido, ...). Isto prodúcese en conexión coa súa lonxanía con respecto ó sector

litoral onde se concentra a demanda turística, coas súas peores condicións de accesibilidade e coas súas menores dotacións en equipamentos infraestructurais (traída de augas, rede de saneamentos, ...).

Na análise da localización espacial das residencias secundarias distinguiremos entre as emprazadas en urbanizacións e as diseminadas polo espacio xeográfico estudado. Estas últimas, polarízanse en determinados sectores da marxe norte da ría de Pontevedra, en función dunha serie de condicionantes tanto naturais como humanos. Destacando por enriba de todos, a localización en núcleos urbanos (O Grove, Pontevedra, Portonovo e Sanxenxo) ou nas súas proximidades. Chegando a configurarse unha colonización edificativa en “strassendorf” (Fernandez Fuster, L.,1985) nos casos de Portonovo e Sanxenxo, unha área de crecemento continuo de vivendas de carácter secundario a un e outro lado dos seus cascos orixinais seguindo a liña do litoral e o trazado da C-550. Agora ben, tamén existen outros dous factores fundamentais na ubicación espacial das residencias secundarias:

- A cercanía ó litoral, en concreto ós sectores de praias e de atractivo paisaxístico, o que explica a concentración das vivendas secundarias nas parroquias costeiras e especialmente naquelas mellor dotadas de areas (San Vicente de O Grove, Arra, Noalla, ...).
- A proximidade de vías de comunicación, pois as estradas actúan como auténticos eixos estruturantes do crecemento das residencias secundarias. É o caso da C-550, que no seu tramo A Lanzada-Pontevedra configúrase como un sector de localización lineal de vivendas asociándose en ocasións a verdadeiros continuos de edificación nas proximidades de certos fitos como as praias (Nanín, Areas, Montalvo, Canelas, ...) chegando a conformar novas entidades de poboación (“agrupacións secundarias de idade recente”).

En todo caso, a espontaneidade é a nota dominante destas aglomeracións, a falta de planeamento previo. Son calificadas como “urbanizacións rústicas” (*Jurdao, Fco.,1990*), onde as edificacións de residencias secundarias acolléronse na solicitude da súa licenza de obras á figura de casa de campo. Esta construción indiscriminada de vivendas viuse favorecida por un clima de permisividade derivado da inoperancia e insuficiencia da normativa urbanística existente, que ten o seu reflexo en innumerables infraccións urbanísticas de todo tipo (obras sen licenza municipal, obras non axustadas á licenza, ...); producíndose como consecuencia unha ocupación do territorio incontrolada. Unha situación que se reflexou no progreso do uso residencial dende a inmediatez da liña de costa cara ó interior, especialmente no municipio de Sanxenxo. A diferenza de emprazamento tamén se

concretou nunha distinta tipoloxía de edificacións, mentres nas áreas do litoral de maior demanda e carestía do solo (as vilas de O Grove, Portonovo, e Sanxenxo, e espazos próximos a determinadas praias como Canelas, Paxariñas, ...) estase impondo nas novas construcións a edificación en altura; nos sectores cercanos do interior seguen edificándose vivendas unifamiliares, xa sexan ailladas ou adosadas. Todo un conxunto de construcións, realizadas por unha serie de promotoras guiadas dende o prisma do capitalismo por un claro afán de lucro, da optimización dos beneficios, que carecen na súa gran maioría das mínimas infraestruturas necesarias (viarias, de saneamento, traída de auga, ...). Por conseguinte, este avance incontrolado do proceso urbanizador de carácter turístico xunto ó paralelo incremento da demanda en infraestruturas orixinou toda unha serie de problemas de custosa e difícil solución ante a falta de capacidade de control demostrado polos municipios afectados, ó mesmo tempo que se profundou na dicotomía existente entre as parroquias do interior e as do litoral ó afondarse os desequilibrios humanos e económicos preexistentes. Ante todo isto faise necesaria unha nova planificación de carácter turístico que aborde todos estes problemas dende unha óptica completamente distinta á actual, que non estea ó servizo dos grandes axentes urbanísticos do solo senón ó da poboación autóctona, centrada en conservar no posible as condicións ambientais e paisaxísticas orixinais, as grandes bazas da imaxe turística do ámbito xeográfico analizado.

O outro grupo de vivendas de carácter secundario a analizar corresponde ás relacionadas con urbanizacións, resultado da plasmación de Plans Parciais. O solo transformado por un Plan Parcial (P.P.) pasa de ser rústico a ter carácter urbanizable, sobre o que se conforman conxuntos de “pseudo cidade-xardín” (*Vera Rebollo, J. F.; Ponce Herrero, G. J. y Marco Molina, J. A., 1987*), áreas de vivenda unifamiliar (tipo chalet) ou adosada (bungalows, chalets adosados, ...) como en Balea-Marítima e Montemar (O Grove) e Carrabuxeira e Torre-Costiña (Sanxenxo); ou conxuganse a vivenda unifamiliar con bloques de apartamentos (vivendas plurifamiliares) na Illa de A Toxa, Pedras Negras e San Vicente do Mar (O Grove).

As urbanizacións de carácter secundario dentro do ámbito xeográfico analizado localízanse nos municipios de O Grove e Sanxenxo. Estas actuacións tiveron lugar de forma preferente en áreas litorais das parroquias de San Vicente de O Grove (Cadro nº15), e Padriñán e Vilalonga en Sanxenxo (Cadro nº16). En total son oito actuacións, cinco en O Grove e tres en Sanxenxo.

As urbanizacións localizadas no municipio de Sanxenxo trátanse de promocións recentes que non se topan totalmente edificadas cando non esta nen se quera realizada a urbanización. As correspondentes ó municipio de O Grove son froito de actuacións desenvolvidas ó amparo da Lei de Solo de 1956, presentando un maior grao de consolidación coas súas obras de urbanización totalmente realizadas, polo menos no que respecta ós viais.

En función do comentado nas gráficas podemos concluír que dentro das urbanizacións de carácter secundario da marxe norte da ría de Pontevedra, topámonos con áreas caracterizadas polo dominio exclusivo de vivendas de tipo unifamiliar e con urbanizacións cun carácter mixto na súa tipoloxía de vivendas (unifamiliares e plurifamiliares), que son as que presentan un maior desenvolvemento superficial. O grao de consolidación das urbanizacións é maior precisamente nestas últimas o cal debe explicarse non só pola súa antigüidade senón tamén pola existencia dun gran volume de demanda con poder adquisitivo medio que pode asumir os gastos da compra dun apartamento pero non dunha vivenda unifamiliar, normalmente tipo chalet. Aspecto que confirmamos ó observar que, por un lado, existe un maior número de vivendas plurifamiliares construídas dentro do conxunto das urbanizacións estudadas e, por outro, que son estas vivendas plurifamiliares as primeiras en edificarse dentro das urbanizacións de carácter mixto. O baixo grao de consolidación en xeral e do ritmo de edificación, falannos dunhas expectativas de mercado

Denominación	Superficie m2	Número de parcelas (tamaño medio m2)	% uso de solo urbanización	Núm.viviendas previstas (Núm. viv. construidas)	Grao de consolidación (%viviendas construidas)	Aprobación por C.P.U.
Promotor (domicilio)						
San Vicente do Mar (San Vicente de O Grove)	87.500	41 (2.134,15)	Residencial (64,52)	252 297	100	6-mar.-68
URBAMAR S.A.(Madrid)		36 parc. residenc.		47 unif./250 plurf.		
Montemar (San Vicente de O Grove)	63.110	46 (964,07)	Residencial (70,27) Viario (17,58) Zona verde (10,70)	52 28 viv. unif.	53,85	27-feb.-76
Playas Balea S.A. (Vilagarcía- Pontevedra)			Servicios (1,45)			
Balea-Marítima (San Vicente de O Grove)	68.844	45 (931,57)	Residencial (74,90) Viario (15,67) Zona verde (7,43)	102 14 viv. unif.	13,73	22-en.-76
D. Manuel Alayo Carreras (Balea-Marítima)			Recreo-deportiv. (2)			
Pedras Negras (San Vicente de O Grove)	118.270	84 (1.024,44)	Residencial (72,70) Viario (16,01) Zona verde (9,16)	297 246 83 viv. unif.	82,83	13-jul.-71
Lanzamar S.A. (Ponteceso-Pontevedra)			Servicios (2,07)	163 viv. plurf.		
Illa da A Toxa (San Martiño de O Grove)	935.634	8 (26.776,6)	Resid-Hotl (22,89) Residencial (19,51) Viario (5,43) Zona verde (33,60)	672 392 32 viv. unif. 360 viv. plurf.	58,33	C.I.T.N. Consejo de Ministros Decreto 2.294/23-Jul.-66 (B.O.E. 12-9-66)
Inmobiliaria La Toja S.A. (Madrid)			Recreo-deportiv. (35,05) Varios (2,97)			

Cadro nº15.- Características das urbanizacións turísticas en O Grove. Elaboración propia. Fonte: Memoria dos P.P.

Denominación Promotor (domicilio)	Superficie m2	Número de parcelas (tamaño medio m2)	% uso do solo urbanización	Núm.vivendas previstas (Núm. viv. construídas)	Grado de consolidación (%viviendas construídas)	Aprobación por C.P.U.
Carabuxeira (Padriñán) Graña Playa S.L. (Pontev.)	10.442	16 (246,80)	Residencial (37,81) Viario (11,94) Zona verde-depty(35,73) Servicios (2,68) Varios (11,84)	16 viv. unif..	-	19-abr.-91
Torre-Costiña (Vilalonga) Inversora y Servicios Coruñesa S.A. (A Coruña)	50.989,50	68 privadas (394,71) 8 públicas (491,375)	Residencial (69,93) Viario (16,96) Zona verde (10,01) Servicios (1,14) Docente (1,96)	76 viv. unif.	5,26	16-may.-91
Miraflores (Padriñán) Miraflores S.L. (Ourense)	12.033	40 (251,97)	Residencial (83,76) Viario (7,26) Zona verde (8,98) Reectiv-deportiv. (2)	40 viv. unif.	100	E:D. Concello Pleno 27-Sep.-91

Cadro n°16.- Características das urbanizacións turísticas en Sanxenxo. Elaboración propia. Fonte: Memoria dos P.P.

sobrevaloradas polos promotores nun marco turístico, como xa apuntamos con anterioridade, onde a oferta vai por diante da demanda. Esta situación agrávase se temos presente que diante da falta dun verdadeiro control urbanístico, durante anos puidose construír libremente en calquera punto susceptible de edificación do ámbito xeográfico analizado; de aí que predomine a vivenda secundaria diseminada, o que coñecemos como “urbanización rústica”, en relación entre outras razóns ós seus menores custos ó non ter que afrontar gastos relativos á creación de infraestructuras. A estes problemas hai que unir en O Grove, os derivados da falta de lexitimidade dalgunhas construcións, a dúbida legalidade de certas urbanizacións (ex. Balea-Marítima) efectuadas con criterios comerciais e cun escaso respecto ás condicións naturais do contorno, ... Adoecendo todas en xeral de ausencia dun funcionamento correcto cando non carencia dos servizos urbanísticos esenciais. Os equipamentos non funcionan ou non existen na maioría dos casos. A situación complicase nalgunhas áreas pois a promotora que xestionou a súa execución xa non funciona como tal na actualidade (San Vicente do Mar, Pedras Negras, ...). Os concellos de O Grove e Sanxenxo non contan cos medios necesarios para facer fronte non xa só para a instalación ou establecemento desas infraestructuras básicas senón incluso para a conservación dos servizos urbanísticos xa realizados, pois os seus medios persoais e materiais están determinados basicamente en función da súa poboación de dereito. As urbanizacións de carácter secundario a desenvolver no futuro deberán incluír nas súas ordenanzas de edificación medidas dirixidas a lograr unha construción con materiais e liñas arquitectónicas que garden relación coa paisaxe a a vivenda típica tradicional. Por outro lado, o seu emprazamento debe realizarse con criterios urbanísticos que eviten agresións ó medioambiente, que son prexudiciais para as actividades e prácticas turísticas.

5. ANÁLISE DA DEMANDA TURÍSTICA: PROCEDENCIA E ESTACIONALIDADE.

A demanda caracterízase por ser á vez o axente produtor e consumidor dos servizos turísticos. De aí a relevancia de coñecer as súas características (orixe, grupo social, estacionalidade, ...) e as súas actuais tendencias (fraccionamento das vacacións, maiores niveis de esixencia, diversificación das motivacións, progresiva valoración dos elementos medioambientais, ...), co fin de adapta-los produtos ás súas esixencias e orientar futuras campañas de marketing turístico. Hai que ser, polo tanto, cada vez máis imaxinativo para facer fronte á diversidade da demanda turística, dado que os grandes factores de atracción seguen sendo os mesmos “sol e praia” dentro da marxe norte da ría de Pontevedra, pese á incipente importancia doutras ofertas de carácter complementario.

O estudio da procedencia ímolo realizar diferenciando tres escalas ou compoñentes vectoriais esenciais: turismo estranxeiro, turismo nacional e turismo rexional. Diferenciación de gran importancia, pois son componentes dentro da demanda que responden xeralmente a distintas motivacións e cun distinto comportamento ou maneira de actuar en relación co seu contorno e na interacción oferta-demanda. Así, entre outras cousas, convén ter presente que dentro da demanda hoteleira existe o axioma bastante xeralizado de que cando maior é a distancia da área da orixe dos turistas maior dura a súa estadía (número promedio de días), unha vez realizado o esforzo custe-tempo do desprazamento prefírese obter un rendemento con estandías máis alongadas temporalmente. Tamén existen outras desigualdades referentes a aspectos como poder adquisitivo, asiduidade, motivacións,..., que aconsellan a diferenciación establecida con anterioridade.

Centrámonos na demanda hoteleira e podemos comprobar que dentro do turismo da marxe norte da ría de Pontevedra, a componente esencial é o turismo nacional (59,44%), seguido a bastante distancia polo rexional (24,04%) e o estranxeiro (16,52%). Situación que nos reflicte algo que constatamos no presente capítulo ó analiza-lo equipamento turístico na súa evidente relación de dependencia coas vicisitudes da economía nacional.

Dentro do turismo estranxeiro existe un claro desequilibrio no seu reparto continental, destacando o predominio incuestionable dos europeos (72,13%), seguido a distancia polos americanos (23,56%) grupo que á súa vez podemos desagregar en latinoamericanos (15,33%) e norteamericanos (8,23%); os restantes continentes presentan unhas porcentaxes moi inferiores por esta orde: Asia (1,89%), Africa (1,72%) y Oceanía (0,70%). Estas diverxencias responden indubidablemente ó xogo de tres variables, por un lado, a proximidade/accesibilidade, medida en espacio-tempo, que como apuntamos no apartado referente ás infraestructuras colocan a Galicia e dentro dela o ámbito xeográfico analizado nunha posición marxinal dentro da oferta española; a existencia de lazos familiares ou de tipo cultural que explican o peso acadado polos visitantes latinoamericanos; e por último, a renda económica e do nivel de vida que xustifican en gran medida os baixos valores rexistrados de visitantes dalgúns continentes, especialmente o africano.

Atendendo ó número de turistas procedentes de cada país, topámonos cun destacado dominio de Portugal (1º; 21,73% e 30,13% turistas mundiais e europeos respectivamente), situación lóxica pola súa veciñanza e vinculacións histórico-culturais. A continuación

aparecen: Reino Unido (2º; 11,64% e 16,13% turistas mundiais e europeos respectivamente), Francia (3º; 10,40% e 14,43%), Alemania (4º; 10,07% e 13,97%), Os factores anteriormente apuntados refléxanse con maior entidade cobrando enorme importancia a proximidade/accesibilidade sempre que existan unhas condicións de renda por habitante bastante similares.

No turismo nacional consideramos a tódolos visitantes procedentes das rexións españolas á marxe da galega. Entre as distintas Comunidades Autonomas destacan pola súa maior presenza: Madrid (1º; 31,29%), Cataluña (2º; 12,47%), Castilla-León (3º; 10,70%) e Andalucía (4º; 8,19%) e Asturias (5º: 7,71%). Situación que nos expresa outra vez a transcendencia da accesibilidade/proximidade, os lazos establecidos polos emigrantes e a renda económica, como factores explicativos. Así apreciamos como a importancia da demanda madrileña vén marcada pola conxugación dunha boa accesibilidade relativa en comparación a outras rexións españolas no transporte por estrada, o teoricamente máis utilizado, a través da N-VI Madrid-A Coruña, a significación do “turismo de retorno” de emigrantes, pois trátase dun dos principais focos receptores da emigración galega dentro de España, e por posuír unha das máis destacadas rendas per cápita das Comunidades Autónomas españolas.

Por último, no turismo rexional o maior número de visitantes procede da propia provincia de Pontevedra (47,69%), seguida por A Coruña (31,88%), e xa nun segundo plano Ourense (11,19%) e Lugo (9,24%), resultando consecuentemente como factor principal para determina-la importancia de cada territorio a accesibilidade medida en espacio-tempo. Sendo neste sentido, indubitablemente a provincia de A Coruña a mellor intercomunicada co ámbito xeográfico analizado a través da Autoestrada do Atlántico (A-9) e a súa conexión coa Vía Rápida do Salnés (VRG-41).

A análise da estacionalidade da demanda hoteleira imos realizala por medio do estudio do Índice de ocupación hoteleira. A interpretación deste índice dentro da marxe norte da ría de Pontevedra no intervalo 1992-1993, permítenos establece-las seguintes conclusións (Cadro nº17):

- O índice de ocupación hoteleira mostra en xeral uns valores superiores en 1993, que debemos relacionar cos efectos de sobredemanda motivados pola campaña “Xacobeo 93”. De todas formas este índice rexistra un incremento na marxe norte da ría de Pontevedra (3,85%) inferior ó producido no conxunto da provincia (4,48%) e Galicia (8,39%) e, por suposto ó da provincia de A Coruña (15,69%).

Este incremento concéntrase basicamente durante a tempada alta (9,95%) como acontece na provincia de Pontevedra (14,65%) e en Galicia (14,37%), en contraste coa situación reflexada na provincia de A Coruña que se ben presenta o seu maior incremento na tempada alta (18,3%) non é tan claramente superior ó rexistrado durante a tempada baixa (14,90%). A explicación é obvia e está en relación coa situación un pouco excéntrica da marxe norte da ría de Pontevedra respecto a Santiago e ó Camiño de Santiago o que repercute en que os incrementos na demanda hoteleira teñan lugar nos meses estivais en conexión fundamentalmente cun intento de combina-lo disfrute da oferta de sol e praia coa visita de rigor á urbe compostelana, mentres que na provincia de A Coruña o aporte de peregrinos repercute nun incremento da demanda mellor distribuído ó longo do ano.

- O índice de ocupación hoteleira mostra un clara estacionalidade da demanda, presentando como corresponde ó seu tipo de oferta predominante de sol e praia os seus índices máis elevados nos meses estivais, reflexando no mes de agosto o maior nivel de ocupación (82,36% en 1992 e 83,05% en 1993). Durante os meses de marzo (28,70% en 1992 e 41,34% en 1993), abril (48,83% en 1992 e 47,05% en 1993) e maio (50,53% en 1992 e 52,23% en 1993) coincidentes coas vacacións de Semana Santa rexístrase un período de recuperación na demanda con respecto a importante caída que se produce no inverno: decembro (26,93% en 1992 e 25,01% en 1993), xaneiro (27,54% en 1992 e 22,63% en 1993), e febreiro (30,79% en 1992 e 28,49% en 1993), en función dunhas peores condicións climáticas para as practicas balneotropicas do turismo de sol e praia.

En función do apuntado temos que un dos principais problemas do turismo é a marcada estacionalidade da súa demanda. Estacionalidade que é moito maior que o reflectido nestes datos, posto que debemos ter presente o incremento de prazas na oferta hoteleira e extrahoteleira que se produce nos meses estivais (estacionalidade da oferta e oferta ilegal) xunto co costume de oculta-las verdadeiras cifras de ocupación por parte dos establecementos hoteleiros.

A demanda dentro da marxe norte da ría de Pontevedra está marcada polo dominio dun turismo nacional, quedando nun plano moi secundario o estranxeiro. A accesibilidade desta demanda en canto á súa procedencia vén derminada por: a proximidade (espacio-tempo) e a disponibilidad de infraestruturas; a existencia de lazos familiares ou culturais (turismo de retorno) e a capacidade adquisitiva da mesma. Trátase dunha demanda que

MESES	Marxe norte da Ría de Pontevedra		Pontevedra		Galicia	
	1992	1993	1992	1993	1992	1993
Xaneiro	27,54	22,63	28,10	23,42	32,39	27,90
Febreiro	30,79	28,49	32,53	29,57	36,37	33,15
Marzo	28,70	41,34	28,54	42,57	35,99	47,11
Abril	48,83	47,65	46,70	49,95	45,44	59,02
Maiο	50,53	52,23	46,57	55,15	44,01	61,00
Xuño	32,96	51,80	33,86	53,00	41,01	51,00
Xullo	59,14	63,85	55,00	55,40	47,05	63,81
Agosto	82,36	83,05	80,45	82,00	66,90	74,00
Septembro	56,24	67,99	48,20	68,21	50,23	64,50
Outubro	48,88	55,84	49,10	54,56	46,96	58,59
Novembro	38,68	34,97	40,45	33,91	37,11	42,45
Decembro	26,93	25,01	27,43	27,00	30,87	33,42
Ocupación media anual	44,05	47,90	42,91	47,89	42,86	51,25

Cadro nº17.- Índice de Ocupación Hoteleira por meses e media anual (1992-1993) na marxe norte da Ría de Pontevedra. Elaboración propia. Fonte: Secretaría Xeral para o Turismo. Delegación de Pontevedra.

presenta unha clara estacionalidade coa súa tempada alta nos meses de verán (producto sol e praia) e que, por tanto, fai necesarias medidas a propiciar dende instancias publicas (Xunta de Galicia, Deputación e municipios) e encamiñadas en dúas direccións preferenciais: en primeiro lugar, incrementa-lo poder de atracción exercido pola marxe norte da ría de Pontevedra especialmente dentro dos mercados estranxeiros sen descuidalo ámbito nacional por medio de acertadas campañas de marketing e, en segundo lugar, fomentar a creación de ofertas complementarias tanto en equipamento (deportivo, recreativo, ...) como de novos produtos turísticos (turismo rural, turismo cultural, turismo gastronómico, ...) que logran unha maior diversificación de riscos e unha superior capacidade de reacción ante os cambios previsibles dentro da demanda, que conduzan en definitiva a un aumento na superior capacidade de atracción e a unha redución da estacionalidade da demanda.

6.-CONCLUSIÓN XERAIS.

O turismo como fenómeno espacial, resultante da interacción entre oferta e demanda sobre un espazo xeográfico concreto, acadou gran relevancia dentro da marxe norte da ría de Pontevedra. Neste espazo desenvólvese unha oferta centrada no produto “sol e praia” e caracterizada esencialmente polo predominio do seu carácter residencial. Na década dos setenta do século XX foi cando se desatou o verdadeiro “boom” turístico dentro do ámbito xeográfico analizado, como resultado dunhas vantaxes comparativas, factores xeográficos (condicións climáticas, riqueza ambiental, dotacións infraestruturais, ...) que posibilitaron o desenvolvemento turístico. Desenvolvemento que realizado sen ningún tipo de control, ata épocas recentes, xerou transformacións territoriais de diversa índole que se traduciron na configuración dun novo tipo de hábitat reflectido nunha morfoestrutura dos asentamentos de poboación diferente e nunha reestructuración dos usos do solo.

O hábitat, entendido como o asentamento da poboación, mostra actualmente as implicacións derivadas do desenvolvemento turístico e da proliferación das residencias secundarias, motivadas por unha nova funcionalidade do espazo cunha valoración dos factores estruturantes do poboamento diferente á do hábitat tradicional agrario e na que cobran especial relevancia factores dinámoxenos tales como as vías de comunicación, a proximidade a núcleos urbanos e a cercanía á liña costeira. Configúrase un novo poboamento turístico de carácter periurbano, rururbano, plasmado espacialmente pola estruturación lineal dos asentamentos e en concreto das residencias secundarias ó longo

das principais vías de comunicación (C-550, PO-304, ...) e a configuración de núcleos neoxénicos de poboación vacacional: planificados no caso das urbanizacións de carácter secundario (Illa de A Toxa, Montemar, Pedras Negras, San Vicente do Mar, ...) e espontáneos no caso das agrupacións secundarias de idade recente configuradas en torno a praias ou áreas de alto valor paisaxístico (Montalvo, Canelas, Areas, ...).

O turismo como actividade económica consumidora de determinadas superficies mediante procesos inmobiliarios destinados á produción de espazo ocio-turístico, ocasionou co seu desenvolvemento incontrolado unha crecente presión especulativa sobre o solo traducida nunha alteración na distribución tradicional dos seus usos, cunha principal repercusión territorial que é a competencia que se entablou entre agricultura e turismo. Esta interacción agricultura-turismo no ámbito xeográfico estudado conlevou o retroceso da superficie agrícola que non debe ocultar-lo establecemento de relacións de complementaridade (ATP, posible desenvolvemento do turismo rural, ...) así como o impulso que significaron en certa medida as prácticas turísticas para o inicio dun proceso de modernización tan necesario dunhas obsoletas estruturas agrarias (abandono de parcelas con baixos rendementos en función da súa escasa fertilidade, maior capitalización das explotacións vía potenciación dunha ATP en relación ó traballo no sector turístico, ...). En calquera caso, trátase dunha situación que non debe ocultar-la necesidade de adoptar unha planificación de carácter turístico que dispoña de medidas protección das actividades agrarias con respecto a un sector turístico nun proceso de expansión incontrolada sobre o espazo, que non só repercute nun retroceso da superficie agraria total senón tamén na ocupación e abandono (barbeito social) das terras máis aptas para as actividades agrarias. Esta protección da actividade agraria debemos entendela como necesaria en base á existencia dunha economía diversificada que evite os problemas do monocultivo turístico e como unha medida de rendibilidade cultural e ambiental.

Pero, por outra parte, as actividades turísticas en función esencialmente do proceso incontrolado de proliferación de residencias secundarias, de “urbanización rústica” (*Jurdao, Fco.; 1990*), deron lugar a importantes impactos negativos sobre o ambiente e a paisaxe da marxe norte da ría de Pontevedra (deforestación, contaminación e redución dos recursos acuíferos, destrución de espazos de alto valor ecolóxico como cordóns dunares, acantilados, ...); ocupación do espazo de dominio público marítimo-terrestre que en ocasións conforman auténticos muros de edificación que imposibilitan o libre acceso á primeira liña de costa; degradación da estrutura urbana e da paisaxe arquitectónica tradicional dos núcleos urbanos de O Grove, Portonovo e Sanxenxo; etc. Labor destructivo

que demanda un control eficiente por medio dunha adecuada planificación que estableza límites dende unha óptica ambiental ó desenvolvemento edificativo de carácter primordialmente turístico.

A oferta turística da marxe norte da ría de Pontevedra que responde fundamentalmente á demanda de “sol e praia” e está composta primordialmente por un equipamento de residencias secundarias que relega a un segundo plano á oferta hoteleira e extrahoteleira, presenta graves problemas de desaxuste e de organización que se traducen nunha crecente necesidade de diversificación do seu equipamento (creación dunha central de reservas, mellora e aumento das dotacións en instalacións deportivas, ...) e oferta básica (turismo rural, paramédico, gastronómico, cultural, ...), e de mellora na comercialización e “marketing”, coa finalidade de crear unha marca ou produto turístico identificativo con vistas a captar unha demanda máis ampla e adaptarse ás novas tendencias observadas dentro da demanda (maior valoración da calidade-precio dos servicios, crecente fragmentación das vacacións, maior sensibilidade con respecto á calidade ambiental do lugar de vacacións, ...).

Toda unha problemática que presenta a necesidade dun novo planeamento de ámbito comarcal e municipal, que debe ser elaborado dende instancias públicas dunha forma multidisciplinar (ecolóxica, xeográfica, económica, ...), integral e levado a cabo dende a posición do “desenvolvemento sostible”, vixiado no seu estricto cumprimento e sistematicamente revisable no tempo pola administración. En definitiva, un planeamento de mercado carácter turístico que ademais de aborda-los diferentes problemas de orde urbanística e territorial (degradación ambiental, estruturación dos usos do solo que inclúa medidas especiais de protección dos espazos agrario e forestal, ...) estableza unha adecuada planificación turística centrada en potenciar este sector por medio da mellora e diversificación da oferta.

BIBLIOGRAFÍA

- **Bauer, G.y Toux, J.M.:** “La reurbanización ou la ville espartillée” París. Ed. du Seuil.1976.
- **Berry,B.J.L.:** “Cities as systems 74 systems of cities”. Papersand Producceding of the Regional Sciences Association XIII. 1964. pp.147-164.
- **Berry,B.J.L.:** “Consecuencias humanas de la urbanización”. Madrid Ed. Pirámide. 1975.
- **Bird,J.B.:** “Centrality an cities”. Londres. J.Willey. 1976.

- **Boniface, B.G et Cooper, CH.P.:** “The Geography of Travel and Tourism”. London, William Heinemann, LTD, 1.987.
- **Bote Gómez, V.:** “Turismo en espacio rural”. Madrid Ed. Popular. 1988.
- **Callizo Soneiro, J.:** “Aproximación a la geografía del turismo”. Madrid. Editorial Síntesis S.A. 1991.
- **Díaz Álvarez, J.R.:** “Geografía del turismo” Madrid. Ed. Síntesis S.A. 1988
- **Ducastelle, R.:** “El turismo y los transportes”. Madrid. Rev. Carreteras. 1974.
- **Dumazadier, J.:** “Ocio y Sociedad de clases”. Barcelona. Ed. Fontanelle. 1971.
- **Fernández Fuster, L.F.:** “Introducción a la teoría y la técnica del turismo”. Madrid. Alianza Editorial Textos. 1989
- **Ferrás Sexto, C.:** “Desenvolvemento urbanístico e económico de Fene. Séculos XIX y XX”. Santiago Ed. Universidad Santiago de Compostela. Concello de Fene. 1993.
- **Gaviria Labarta, M.:** “La competencia Rural-Urbana por el uso de la tierra”. Madrid Rev. Agricultura y Sociedad, 1978, nº7, pp. 245-261.
- **George, P.:** “Sociedades en mutación”. Barcelona. Ed. Oikos-Tao. 1981.
- **Johnston et alt.:** “Diccionario de Geografía Humana”. Madrid. 1987.
- **Jung, J.:** “La ordenación del espacio rural”. Madrid, I.E.A.L., 1972.
- **Jurdao, Fco.:** “España en venta”. Ed. Endimion. Colección Territorio y Sociedad. 1990.
- **Lois González, R.C.:** “Problemas para a dlelimitación dos espacios urbáns e rurais”. Santiago. Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia. Asociación galega de historiadores. 1992, pp. 201-221.
- **López Palomeque, Fco.:** “Actividad turística y espacio geográfico. En el umbral del siglo XXI”. Valencia. Rev. Papers de Tourisme. 1994, nº14-15, pp. 39-51.
- **Lozato Giotart, J-P.:** “Geografía del turismo. Del espacio contemplado al espacio consumido”. Barcelona Ed. Masson 1990.
- **Luis Gómez, A.:** “Aproximación histórica al estudio de la geografía del turismo”. Barcelona. Ed. Antrophos 1988.
- **Miranda Montero, M.J.:** “La segunda residencia en la provincia de Valencia”. Departamento de Geografía de la Universidad de Valencia. 1985.
- **Marchena Gómez, M.:** “Territorio y turismo en Andalucía. Análisis a diferentes escalas espaciales”. Sevilla. Junta de Andalucía, Consejería de Economía y Fomento. Dirección General de Turismo. 1987.
- **Martellato, D. y Sforzi, F.:** “Studi sui sistemi urbani”. Milán. Associazione Ed. Italiane, Science Regional, F. Angeli. 1990.
- **Martínez del Río, M. N.:** “Análisis de los asentamientos rurales en Cantabria. Posible clasificación de los mismos”. Rev. Ciudad y Territorio. 1986, nº68, abril-junio, pp. 3-16.

- **Ortega Valcarce, J.:** “Residencias secundarias y espacio de ocio en España”. Valladolid. Secretariado de Publicaciones de la Universidad.1975.
- **Pazo Labrador, A.J.:**“Hábitat rural tradicional y residencias secundarias en la margen meridional de la Ría de Muros y Noya (La Coruña)”. Canarias. IV Coloquio Nacional de Geografía Agraria. 1987, pp 139-151.
- **Pazo Labrador, A.J. :** “La trama de asentamientos rurales en las Rías Bajas gallegas”. Pontevedra.. Diputación provincial de Pontevedra 1995.
- **Sanchez, J.E.:** “Por una geografía del turismo litoral. Una aproximación metodológica”. Rev. Estudios Territoriales. 1985, nº17, pp103-122.
- **Sorre, M.:** “Les fondements de la Geographie Humaine”. Tomo III: O hábitat. Paris. Librairie Armand Colin.1952.
- **Souto Gonzalez, X. M.:** “Encol do hábitat e do poboamento. O caso de Galicia”. Cuadernos de Estudios Gallegos. Tomo XXXIII, nº98. 1982, pp. 7-63.
- **Vera Rebollo, J. F. ; Ponce Herrero, G. J. y Marco Molina, J. A.:** “Usos del suelo en el litoral -subalincantino: Competencia y propuestas de utilización”. Canarias. VI Coloquio Nacional de Geografía Agraria. 1987, Tomo 1º, pp. 175-187.
- **Vera Rebollo, J.F.:** “Turismo y urbanización en el litoral alicantino”. Alicante. Instituto de Estudios “Joan Gil-Albert”, Diputación provincial de Alicante.1987.
- **Villoch Vázquez, Mª. P. :** "Ocio y nuevas entidades de población: el caso de O Grove". Madrid. XI Congreso Nacional de Geografía, Ponencia nº6: “Turismo y Territorio”. 1989, Tomo II. pp. 411-420.

DOCUMENTOS DE TRABAJO YA PUBLICADOS

ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA:

1. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información simétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
2. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información asimétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
3. *Modelos empíricos de oligopolio: una revisión.* (María Consuelo Pazó Martínez).
4. *El Análisis económico de los procesos de urbanización.* (Olga Alonso Villar).
5. *Optimal Tariffs When Production is fixed.* (José Méndez Naya; Luciano Méndez Naya).
6. *Reglas de clasificación discriminante: aplicación a la vivienda.* (Raquel Arévalo Tomé).
7. *Estructura demográfica y sistemas de pensiones. Un análisis de equilibrio general aplicado a la economía española.* (María Montero Muñoz).
8. *Spatial distribution of production and education.* (Olga Alonso-Villar).
9. *Diferencias salariales y comportamiento no competitivo en el mercado de trabajo en la industria española.* (Victor Manuel Montuenga, Andrés E. Romeu Santana, Melchor Fernández Fernández)
10. *GPs' Payment Contracts and their Referral Policy.* (Begoña Garcia Mariñoso and Izabela Jelovac)

ÁREA DE ECONOMÍA APLICADA:

1. *Economía de Mercado e Autoxestión: Sociedades Anónimas Laborais do Sector Industrial en Galicia.* (Xosé Henrique Vazquez Vicente).
2. *Fecundidade e Actividade en Galicia, 1970-1993.* (Xoaquín Fernández Leiceaga.)
3. *La reforma de la financiación autonómica y su incidencia en Galicia.* (Xoaquín Álvarez Corbacho).
4. *A industria conserveira: Análise económica dunha industria estratéxica en Galicia. 1996.* (José Ramón García González).
5. *A contabilización física dos fluxos de enerxía e materiais.* (Xoan Ramón Doldán García).
6. *Indicadores económico-financieros estratificados do sector industrial conserveiro en Galicia. 1993-1996.* (José Ramón García González).

ÁREA DE HISTORIA:

1. *Aproximación ao crédito na Galiza do S. XIX. Os casos da terra de Santiago e da Ulla.* (Francisco Xabier Meilán Arroyo)
2. *Aspectos do comercio contemporáneo entre España e Portugal.* (Carmen Espido Bello).

3. *Pensamento económico e agrarismo na primeira metade do século XX.* (**Miguel Cabo Villaverde**).
4. *Civilizar o corpo e modernizar a vida: ximnasia, sport e mentalidade burguesa na fin dun século. Galicia 1875-1900.* (**Andrés Domínguez Almansa**).
5. *Las élites parlamentarias de Galicia (1977-1996).* (**Guillermo Marquez Cruz**).
6. *Perfil do propietario innovador na Galicia do século XIX. Historia dun desencontro.* (**Xosé R. Veiga Alonso**).
7. *Os atrancos do sector pecuario galego no contexto da construción do mercado interior español, 1900-1921.* (**Antonio Bernardez Sobreira**).
8. *Los estudios electorales en Galicia: Una revisión bibliográfica (1876-1997).* (**Ignacio Lago Peñas**).

ÁREA DE XEOGRAFÍA:

1. *A industria da lousa.* (**Xosé Antón Rodríguez González; Xosé M^a San Román Rodríguez**).
2. *O avellentamento demográfico en Galicia e as súas consecuencias.* (**Jesús M. González Pérez; José Somoza Medina**).
3. *Estructura urbana da cidade da coruña, os barrios residenciais: o espacio obxectivo e a súa visión a través da prensa diaria.* (**M^a José Piñeira Mantiñán; Luis Alfonso Escudero Gómez**).
4. *As vilas e a organización do espacio en Galicia.* (**Román Rodríguez González**).
5. *O comercio nas cabeceiras do interior de Galicia.* (**Alejandro López González**).
6. *A mortalidade infantil no noroeste portugués nos finais do século XX.* (**Paula Cristina Almeida Remoaldo**).
7. *O casco histórico de Santiago de Compostela, características demográficas e morfolóxicas.* (**José Antonio Aldrey Vázquez; José Formigo Couceiro**).
8. *Mobildade e planificación urbana en santiago de compostela: cara a un sistema de transportes sustentable.* (**Miguel Pazos Otón**).
9. *A produción de espacio turístico e de ocio na marxe norte da ría de pontevedra.* (**Carlos Alberto Patiño Romarís**)

ÁREA DE XESTIÓN DA INFORMACIÓN

1. *Estudio Comparativo das Bases de Datos: Science Citation Index, Biological Abstracts, Current contents, Life Science, Medline.* (**Margarida Andrade García; Ana María Andrade García; Begoña Domínguez Dovalo**)
2. *Análise de satisfacción de usuarios cos servizos bibliotecarios da Universidade na Facultade de Filosofía e CC. da Educación de Santiago.* (**Ana Menéndez Rodríguez; Olga Otero Tovar; José Vázquez Montero**).

❖ *Tódolos exemplares están dispoñibles na biblioteca do IDEGA, así como na páxina WEB do Instituto(<http://www.usc.es/idega/>)*

NORMAS PARA A REMISIÓN DE ORIXINAIS:

Deberán ser remitidos tres exemplares do traballo e unha copia en diskette ao Director do IDEGA: Avda. das ciencias s/nº. Campus Universitario Sur. 15706 Santiago de Compostela, cumprindo coas seguintes normas:

1. A primeira páxina deberá incluír o título, o/s nome/s, enderezo/s, teléfono/s e institución/s ás que pertencen o/s autor/es, un índice, 5 palabras chave ou descriptors, así como dous resumos dun máximo de 200-250 palabras: un na lingua na que estea escrita o traballo e outro en inglés.
2. O texto estará en interlineado dobre con marxes mínimas de tres centímetros, e cunha extensión máxima de cincuenta folios incluídas as notas e a bibliografía.
3. A bibliografía se presentará alfabeticamente ao final do texto seguindo o modelo: Apelidos e iniciais do autor en maiúsculas, ano de publicación entre paréntese e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano. Título en cursiva. Os títulos de artigo irán entre aspas e os nomes das revistas en cursiva. lugar de publicación e editorial (en caso de libro), e, en caso de revista, volume e nº de revista seguido das páxinas inicial e final unidas por un guión.
4. As referencias bibliográficas no texto e nas notas ao pé seguirán os modelos habituais nas diferentes especialidades científicas.
5. O soporte informático empregado deberá ser Word ou WordPerfect para Windows 6.0 ou versión posterior, Excell ou Acces.
6. A dirección do IDEGA acusará recibo dos orixinais e resolverá sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados ás Sesións Científicas do Instituto.

O IDEGA someterá tódolos traballos recibidos a avaliación. Serán criterios de selección o nivel científico e a contribución dos mesmos á análise da realidade socio-económica galega.

